

INFORME ANUAL DA CULTURA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA 2018



Dirección: Marcos Lorenzo

Coa colaboración de: Sergio Lago, Ruth Sousa, Xaquín Loredó e Roberto García

Maquetación e deseño gráfico: Mauro Trastoy

Edición: Concello de Santiago de Compostela

Impresión: Sacauntos Cooperativa Gráfica

ISBN: 978-84-09-09099-0

Depósito Legal: C 253-2019

Santiago de Compostela, 2019

INTRODUCCIÓN **4**

RADIOGRAFÍA CULTURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA **7**

INDICADORES ECONÓMICOS **8**

CONTA SATÉLITE	8
AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL	10
EMPRESAS CULTURAIS	11
GASTO MUNICIPAL EN CULTURA	14
DOTACIÓN DE PERSOAL MUNICIPAL EN CULTURA	17
SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS	17
TURISMO CULTURAL	21
PEREGRINACIÓNS	23

INDICADORES SECTORIAIS E DE PARTICIPACIÓN CULTURAL **25**

LIBRO E EDITORIAIS	25
BIBLIOTECAS	27
ARQUIVOS	28
PATRIMONIO	30
MUSEOS	31
RODAXES	32
HÁBITOS E PRÁCTICAS CULTURAIS DA POBOACIÓN	33
NOVAS TECNOLOXÍAS	39
LINGUA	42
ENCONTROS PROFESIONAIS	44

INDICADORES DE PROGRAMACIÓN **45**

RECURSOS ECONÓMICOS DO AUDITORIO DE GALICIA	45
PÚBLICOS NO EDIFICIO DO AUDITORIO DE GALICIA	47
PÚBLICOS NO TEATRO PRINCIPAL	49
PÚBLICOS NOUTROS ESPAZOS	51
COMPARATIVA POR DISCIPLINAS ARTÍSTICAS	53
PRINCIPAIS PROGRAMACIÓNS CULTURAIS DO AUDITORIO DE GALICIA	56
BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E REAL FILHARMONÍA DE GALICIA	59
CENTROS CÍVICOS	61

VALORACIÓN DOS AXENTES SOCIOCULTURAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA **64**

VALORACIÓNS CUANTITATIVAS DOS AXENTES **66**

IMPORTANCIA DA CULTURA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA	66
INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS CULTURAIS DA CIDADE	69
SITUACIÓN DOS AXENTES CULTURAIS	71
LIÑAS DE APOIO DO CONCELLO DE SANTIAGO A OUTROS AXENTES CULTURAIS	74
CARACTERÍSTICAS DA OFERTA CULTURAL DO CONCELLO	77
COLABORACIÓN DO CONCELLO CON OUTROS AXENTES	80
ACCESO E PARTICIPACIÓN CULTURAL DA CIDADANÍA	81

VALORACIÓNS CUALITATIVAS DOS AXENTES **82**

PRINCIPAIS ACONTECEMENTOS CULTURAIS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA	82
PRINCIPAIS DEBILIDADES E FORTALEZAS DA CULTURA EN SANTIAGO	83
COMENTARIOS E SUXESTIÓNS DOS AXENTES SOCIOCULTURAIS DE SANTIAGO	85

A MODO DE SÍNTESE **86**

ANEXO METODOLÓXICO **90**

INTRODUCCIÓN

Nas últimas décadas viron a luz numerosos tratados internacionais, tanto da Unión Europea como de Nacións Unidas, que coinciden en salientar a importancia crecente da cultura no devir das sociedades contemporáneas. A cultura é clave no fomento da creatividade, expresividade e pensamento crítico da cidadanía, así como na participación social e na construción das identidades colectivas. Pero ademais tense revelado como unha ferramenta útil cara outros fins, como o desenvolvemento territorial, a cohesión social ou a rexeneración urbana.

No caso de Galicia, o sector cultural achega un 2% do PIB, con máis de 6.000 empresas, 30.000 postos de traballo e unha facturación global que supera os 2.100 millóns de euros, constituíndo así unha realidade socioeconómica de primeira orde.

Esa realidade merece ser xestionada desde os poderes públicos e os axentes sectoriais con rigor e racionalidade, o que implica dotarse de instrumentos de diagnose, planificación e avaliación. Resulta significativo como no mundo da cultura a utilización de técnicas estatísticas non está tan presente nin ten a mesma tradición ca noutros sectores de actividade, como a sanidade, a industria ou a educación. De feito, aínda hoxe son relativamente singulares aquelas institucións culturais que explicitan os seus obxectivos de forma precisa e medible, ou que renden contas sobre o grao de consecución de tales obxectivos.

Consciente desta eiva, o Concello de Santiago decidiu implantar un aparello de medición baseado en indicadores que permita acceder a un mellor coñecemento da situación da cultura local, o que debера redundar nunha toma de decisións máis informada e nunha maior transparencia e capacidade de avaliación (interna e social) das políticas culturais. Unha iniciativa inédita e pioneira entre as cidades galegas.

O **Informe Anual da Cultura 2018** que agora presentamos tenta responder a esta demanda da Concellaría de Acción Cultural a través dun panel de datos extraídos fundamentalmente de tres tipos de fontes:

- 1 **Estatísticas oficiais** consultadas;
- 2 **Datos internos** facilitados polo propio Concello de Santiago;
- 3 Información producida a partir dun **cuestionario** enviado a 322 axentes socioculturais do municipio

Durante o proceso de traballo puidemos comprobar como boa parte das estatísticas oficiais non dispuñan de desagregación a escala municipal, ou ben que os datos ofrecidos non se podían considerar representativos. En termos xerais, optamos por incluír nesta primeira entrega do Informe Anual da Cultura un grupo inicial de datos que respondesen aos seguintes criterios:

Información representativa a escala municipal

Información comparable no tempo, entre territorios ou entre disciplinas artísticas

Información útil para a toma de decisións no ámbito local

Información comprensible e significativa

Información sustentable: partir dunha radiografía simple alimentada por fontes estables, abertas e gratuítas que permitan actualizar os datos periodicamente

Pola súa parte, o cuestionario a axentes socioculturais proveunos de información abundante e de calidade. Obtivemos unha porcentaxe de resposta superior ao 70% dos envíos, *ratio* que duplica ao acadado por outros cuestionarios estatais de natureza similar (Fundación Alternativas e Fundación Contemporánea).

A inexistencia de informes similares en cidades da nosa contorna (galega e estatal) obrigounos a un esforzo extra por termos que explorar un territorio novo, abrindo camiño sen unha folla de ruta predefinida. Por ese motivo, o documento que agora presentamos debe ser considerado un “informe cero” que de certo será ampliado e refinado cara vindeiras entregas. Agardamos que esta ferramenta sexa útil para os axentes culturais de Santiago de Compostela, e que permita enriquecer a reflexión e o debate sobre as políticas culturais locais.

RADIOGRAFÍA CULTURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para a confección das táboas e gráficos que mostraremos ao longo deste capítulo revisamos **63 fontes estatísticas oficiais**, tanto de ámbito estatal como autonómico, ademais de realizar unha **batería de consultas** ao persoal técnico do Concello de Santiago. A descrición detallada do proceso de traballo e das metodoloxías empregadas figura no **Anexo Metodolóxico** que acompaña a este Informe.

INDICADORES ECONÓMICOS


CONTA SATÉLITE

O Instituto Galego de Estatística (IGE) publicou en 2016 un documento titulado “Análise do Sector Cultural” no que, entre outros asuntos, daba conta do peso que o sector cultural ten na economía das comarcas galegas, medido tanto en termos de Valor Engadido Bruto (VEB) como de Produto Interior Bruto (PIB). A partir dos seus datos¹ compuxemos os seguintes gráficos:

GRÁFICO 1

Fonte: Análise do Sector Cultural (IGE, 2016)

Como podemos comprobar, a comarca de Santiago achega un 16’3% do Valor Engadido Bruto cultural de Galicia, moi por riba da súa aportación ao PIB galego (7’8%) e do seu peso poboacional (5’8%)². Ao mesmo tempo, esta táboa tamén nos informa do grao de concentración espacial das actividades culturais no país: máis da metade do VEB cultural está localizado nas comarcas de A Coruña, Vigo e Santiago.




¹ Datos que resultan de calcular a media destas variables entre as anualidades de 2010 e 2012 (IGE).

² O dato do PIB é facilitado polo IGE, e de novo resulta do cálculo da media entre 2010 e 2012. Para o dato da poboación comarcal escollemos o de 2011 (INE. Padrón municipal de habitantes), para gardar coherencia temporal coa análise do IGE.

A bisbarra de Santiago é, a gran distancia, a comarca de Galicia cun maior peso económico do sector cultural. A actividade cultural representa un 5'2% do PIB comarcal, moi por riba dos valores rexistrados nas comarcas doutras cidades como Pontevedra (3'1%), A Coruña (2'9%) ou Lugo (2'5%).

GRÁFICO 2

Fonte: "Análise do Sector Cultural" (IGE, 2016)



AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL


A mellor vía de aproximación ao emprego cultural do Concello de Santiago é a que se desprende dos datos de afiliacións á Seguridade Social. Segundo a consulta realizada en xuño de 2018 para as ramas culturais da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE)³, en Santiago de Compostela habería 1.241 persoas afiliadas, o que supuña un 3'2% das afiliacións totais no municipio e un 9'5% das afiliacións “culturais” do conxunto de Galicia.

GRÁFICO 3

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social

As ramas que máis afiliacións proporcionan son: “Actividades de programación e emisión de radio e televisión”, “Actividades de creación, artísticas e de espectáculos” e “Edición”. Con certeza, este reparto das afiliacións estará condicionado pola presenza no municipio das instalacións centrais da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG).

Afiliacións á Seguridade Social en Santiago de Compostela, por ramas de actividade cultural



³ Ramas culturais do CNAE: 18 – Artes gráficas e reprodución de soportes gravados; 58 – Edición; 59 – Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical; 60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión; 63 Servizos de información; 90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos; 91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais

EMPRESAS CULTURAIS

Empregando esas mesmas sete ramas culturais do CNAE para o municipio de Santiago, en 2017 sumaríamos 422 empresas culturais, que suporían un 4'4% do total de empresas do Concello.⁴

GRÁFICO 4

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Como podemos observar nesta serie, hai un primeiro período no que se acadan as cotas máximas e que coincide no tempo coa celebración do Xacobeo 2010, e a continuación unha etapa de descenso paulatino no que probablemente terá influído a crise económica e a contracción de fondos públicos para a cultura que mostraremos no seguinte apartado. A partir de 2012 entramos nunha fase de estancamento, con leves oscilacións arredor da contorna das 400 empresas, tendencia que se creba en 2017 cun novo punto de inflexión expansivo.

Seguindo cos datos do IGE, a distribución por ramas de actividade para 2017 quedaría do seguinte modo:


GRÁFICO 5

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais


O subgrupo de empresas máis numeroso é o que pertence a “Actividades de creación, artísticas e de espectáculos” (46%), seguido das empresas de “Artes gráficas e reprodución de soportes gravados” (18'5%) e das empresas de “Edición” (13%). Na categoría de “Actividades de programación e emisión de radio e televisión” habería só 8 empresas: se cruzamos este dato co das afiliacións á Seguridade Social poderemos concluír que se trata de empresas dun tamaño medio superior en canto a número de asalariadas.

⁴ Nota metodolóxica: no número total de empresas de Santiago non incluimos as pertencentes ao sector primario ou ás administracións públicas.

Evolución do número de empresas culturais en Santiago



Empresas culturais en Santiago, por ramas de actividade



Precisamente se analizamos o tamaño das empresas segundo o número de traballadores, veremos como o perfil predominante é o de entidades de moi pequena dimensión.


GRÁFICO 6

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

O 93'6% das empresas teñen entre 0 e 5 traballadores asalariados, un 4'9% entre 6 e 19, e só 6 empresas (1'4%) de 20 ou máis empregados, o que define un escenario moi atomizado, en consonancia co que nos encontramos no resto de Galicia (95'6% de empresas entre 0 e 5 asalariados).

En canto á fórmula xurídica que presentan estas empresas, e agora con datos de 2014, un 38'8% son sociedades con responsabilidade limitada, un 36'1% son persoas físicas, un 5'3% son sociedades anónimas, un 1'2% son sociedades cooperativas e o 18'5% restante están agrupadas baixo a categoría de "outros".

Empresas culturais en Santiago, por tamaño




Para rematar este apartado, no seguinte gráfico podemos ver, de novo con datos de 2014, a porcentaxe de empresas culturais galegas que acolle cada unha das sete cidades.

GRÁFICO 7

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

En liña co indicado no primeiro apartado deste capítulo (Conta Satélite), vemos que Santiago é a terceira cidade galega en número de empresas, cun 11'7% das empresas culturais de Galicia, a escasa distancia de Vigo (13'9%), pero cunha densidade *per capita* moi superior ao dispor de tan só do 3'5%⁵ da poboación do país. De feito Santiago presenta unha taxa de 4'3 empresas culturais por cada 1.000 habitantes, mentres que na Coruña é de 2'2, e en Pontevedra e Vigo de 1'7.



5 Datos de 2014 (INE. Padrón municipal de habitantes).

GASTO MUNICIPAL EN CULTURA

O Concello de Santiago acometeu en 2016 un gasto en cultura de 9.015.662 €, o que supón un 9'5% do seu gasto liquidado total e unha media de 94 € por habitante. Estas cifras sitúano, xunto ao Concello da Coruña, no tramo superior das sete cidades galegas, por diante de Pontevedra e Ferrol e moi lonxe do gasto en cultura de Lugo, Vigo e Ourense. Se o comparamos con outras cidades españolas, tamén presenta os rexistros máis elevados.

GRÁFICO 8

Fonte: MHAC - Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Entidades Locales

Este esforzo investidor en cultura experimentou variacións significativas ao longo dos últimos anos, como podemos apreciar no seguinte gráfico.

Gasto municipal en cultura sobre o gasto liquidado total (%)




GRÁFICO 9

Fonte: MHAC - Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Entidades Locales

Este debuxo garda certa similitude coa evolución do número de empresas que mostramos no apartado anterior, o que contribuiría a reforzar a hipótese da correlación entre o gasto público en cultura e a actividade cultural dun territorio. No gráfico observamos un maior gasto cultural do Concello nas vésperas do Xacobeo 2010 e unha tendencia posterior á baixa, feito que tamén acontece nas restantes administracións públicas de Galicia. A continuación veremos como no período comprendido entre 2006 e 2016, o Concello de Santiago diminuíu o seu gasto cultural nun 4'9%, o conxunto das administracións locais galegas (Deputacións e Concellos de máis de 5.000 habitantes) nun 3'9%, e a Xunta de Galicia nun 49'3%.

Evolución do gasto municipal en cultura a respecto do gasto liquidado total do Concello de Santiago (%)





GRÁFICO 10

Fontes: MCUD - Estadística de financiación y gasto público en cultura.
MHAC - Estadística de liquidación de los presupuestos de las entidades locales.
MHAC - Estadística de liquidación de los presupuestos de las comunidades autónomas.

Gasto en cultura das administracións públicas de Galicia (millóns €)




Os orzamentos do Concello de Santiago aprobados para 2017, cun total para cultura de 9.692.113 €, e en 2018, con 10.224.479 €, supuxeron unha viraxe nesa tendencia, cunha alza dun 13'4% a respecto do gasto liquidado en 2016. A desagregación por partidas dos orzamentos municipais en cultura para 2018 quedaron do seguinte xeito:

GRÁFICO 11

Fonte: Concello de Santiago

As partidas con maior dotación orzamentaria son Centros Cívicos, Administración Xeral da Cultura, Banda Municipal de Santiago de Compostela, Festexos e Protección do Patrimonio Histórico-Artístico, todas elas por riba do millóns de euros.

Orzamentos municipais en cultura 2018 (miles de €)

DOTACIÓN DE PERSOAL MUNICIPAL EN CULTURA

O cadro de persoal municipal en cultura está composto por 69 traballadoras e traballadores, das cales 29 son membros da Banda Municipal de Santiago de Compostela, 21 están adscritos aos Auditorio de Galicia, 16 á área de Relacións Veciñais, Centros Cívicos e Xuventude, e 3 á Concellaría de Acción Cultural.

A distribución por grupos queda reflectida na seguinte táboa:

CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL EN CULTURA

	Total	Grupo A	Grupo C
Departamento Municipal de Cultura	3	1	2
Banda Municipal de Música	29	23	6
Relacións Veciñais, Centros Cívicos e Xuventude	16	3	13
Auditorio de Galicia	21	6	15

TÁBOA 1

Fonte: Concello de Santiago

SUBVENCIONS MUNICIPAIS

O número de persoas e colectivos que solicitan axudas públicas para desenvolver os seus proxectos é un posible indicador á hora de medir as iniciativas culturais presentes na cidade, e polo tanto a súa vitalidade creativa. Neste apartado daremos conta de dúas liñas de axudas: as subvencións en réxime de concorrência competitiva e as subvencións nominativas.

Na última década só temos constancia da convocatoria de subvencións competitivas en catro anualidades ou temporadas: en 2008, 2009, 2016 e 2018-19. As de 2008 e 2009 foron dirixidas ao tecido asociativo da cultura, a de 2016 a empresas e profesionais, e a de 2018-19 a ambos colectivos.

CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS COMPETITIVAS

	importe total	Solicitantes	Beneficiarias
2008	45.000 €	44	32
2009	40.000 €	39	30
2016	50.000 €	60	23
2018-19	150.000 €	67	36

TÁBOA 2

Fonte: Concello de Santiago

O importe total por anualidade mantívose relativamente estable nas tres primeiras convocatorias (entre 40.000 e 50.000 €) e triplicouse na convocatoria máis recente. Tamén apreciamos unha importante suba no número de solicitudes entre 2009 e 2016.

Pola súa parte, as subvencións nominativas son aquelas que se formalizan mediante convenio con entidades cuxo labor merece unha particular valoración por parte dos responsables políticos e técnicos da administración.

No período entre os anos 2009 e 2018 (ambos incluídos), distribuíronse desde o Concello de Santiago un total de 3.015.645 € en subvencións nominativas, dos que un 53'3% corresponden a convenios coa Fundación Eugenio Granell, unha fundación de interese galego cunha especial vinculación estatutaria co Concello. O diñeiro restante foi destinado a outras 33 entidades beneficiarias.

SUBVENCIONS NOMINATIVAS

Entidade	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Fundación Granell	255.000	230.000	195.500	140.000	126.000	126.000	140.000	130.000	135.000	130.000
Fundación Torrente Ballester	30.000	21.000	17.850	24.000	21.000	21.000	21.000	15.000	15.000	0
Conservatorio Folque	25.000	20.000	17.000	10.000	8.000	8.000	8.000	20.000	20.000	20.000
Sala Nasa	60.000	50.000	42.500	0	0	0	0	0	0	0
Asociación Cultural Cidade Vella	15.000	12.000	10.200	10.200	9.180	9.180	9.180	28.180	20.000	20.000
Sala Capitol	25.000	13.750	11.685	11.000	10.000	9.000	9.000	12.000	0	0
Museo do Pobo Galego	15.000	12.000	10.200	10.200	9.180	9.180	9.180	10.000	10.000	30.000
Asociación Cultural O Galo	15.000	10.000	8.500	6.800	2.500	2.000	2.000	2.000	2.000	2.000
Ateneo		2.000	1.700	4.250	2.500	3.400	3.400	5.000	5.000	20.000
Música en Compostela	7.500	5.000	4.250	4.250	3.825	3.825	3.825	3.825	3.825	5.000
Fundación Rosalía de Castro	7.000	5.000	4.250	4.250	3.825	3.825	3.825	3.825	3.825	4.000
Vía Galego	25.000	10.000	8.500	0	0	0	0	0	0	0
Casa da Troya	6.000	6.000	5.100	4.000	3.600	3.600	3.600	3.600	3.600	3.600
Asociación do Traxe Galego	6.000	5.000	4.250	4.250	3.825	3.825	3.825	3.825	3.825	0
Asociación Barriga Verde	15.000	12.000	10.200	0	0	0	0	0	0	0
Federación de Libreiros	7.000	5.000	4.250	4.250	3.825	3.825	3.825	0	0	0
Asociación Cultural Solfa	6.500	5.000	4.250	4.250	0	0	0	3.000	3.000	0
Real Sociedade Económica de Amigos do País				6.000	5.400	5.400	5.400	0	0	0
Asociación Circo e Cabaret		10.000	8.500	0	0	0	0	0	0	0
Novo Circo	15.000	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Entidade	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Asociación Cultural e Folclórica Colexiata do Sar					2.500	3.500	3.500	3.500	0	0
Númax								12.000	0	0
Asociación Cultural Rocha Forte						2.000	2.000	3.000	0	3.000
Instituto de Estudos Padre Sarmiento				9.000	0	0	0	0	0	0
Asociación Cultural Francisco Asorey					2.000	2.000	2.000	0	0	0
Cofradía de la Veracruz						2.500	2.500	0	0	0
Asociación Cultural e Musical Contoneson								4.000	0	0
Seráns de Compostela		2.000	1.700	0	0	0	0	0	0	0
Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos								3.500	0	0
Grupo de Baile e Música Tradicional Brincadeira								3.500	0	0
Obradoiro de Cultura Tradicional Ulteira								3.500	0	0
Compostela Literaria								3.000	0	0
Fundación Compostela Arquitectura						1.500	1.500	0	0	0
Fundación Castelao						300	300	0	0	0
TOTAL ANUAL (en €)	535.000	435.750	370.385	256.700	217.160	223.860	237.860	276.255	225.075	237.600

TÁBOA 3


Fonte: Concello de Santiago

Durante o decenio 2009 - 2018 a partida reservada para subvencións nominativas no campo cultural sufriu un forte redución, sendo os recortes moi acusados entre 2009 e 2013 (descenso do 59'4%), para logo permanecer estable con leves variacións arredor dos 240.000 €.


GRÁFICO 12

Fonte: Concello de Santiago

Se vemos agora agrupadas ambas subvencións para a última década, poderemos deducir as diferentes apostas dos gobernos municipais en canto ao volume de axudas e aos métodos de reparto.

Gasto municipal en subvencións nominativas no campo cultural (€)**GRÁFICO 13**

Fonte: Concello de Santiago

Subvencións culturais do Concello de Santiago (€)

TURISMO CULTURAL


Para a redacción deste apartado recorreremos aos datos facilitados por INCOLSA – Turismo de Santiago, elaborados polo Centro de Estudos Turísticos (CETUR) da Universidade de Santiago.

GRÁFICO 14

Fonte: INCOLSA – Turismo de Santiago, CETUR – USC

Entre os anos 2012 e 2017, entre un cuarto e un terzo das visitantes a Santiago visitaron algún centro cultural. Esa porcentaxe decaeu entre 2012 e 2015, para experimentar un notable ascenso desde entón. Tamén desde 2015 medra de forma continua e significativa a asistencia a actividades culturais, pasando dun 9'3% a un 14%. Segundo se desprende desta serie histórica, os eventos culturais son un motivo moi minoritario para visitar Compostela, do que se pode deducir que existe certa marxe de mellora no papel que a programación cultural pode desempeñar cara a atracción turística.

Motivación e actividade cultural dos visitantes a Santiago




Nunha escala de 0 a 5, as visitantes á cidade valoran o grao de satisfacción que experimentan en diferentes aspectos da súa estadía en Santiago⁶. Pois ben, os museos e a oferta cultural da cidade obteñen un 4'2 (8'4 sobre 10) pero á vez sitúanse no tramo máis baixo de valoracións desde 2012, xunto á dotación de estacionamentos públicos e a sinalización turística. É certo que en 2017 mellora a percepción sobre os museos e a oferta cultural, pero sen equipararse aínda aos valores medios.

GRÁFICO 15

Fonte: INCOLSA - Turismo de Santiago, CETUR - USC

Satisfacción dos visitantes coa cidade e coa oferta cultural (de 0 a 5)



⁶ Seguridade cidadá, hospitalidade/amabilidade, limpeza cidadá, mobilidade peonil, conservación do patrimonio histórico - artístico, restauración e gastronomía, dotación de espazos libres e zonas verdes, museos e oferta cultural, oferta comercial, sinalización turística, calidade/prezo da cidade, oficinas de información, dotación de estacionamentos públicos.

PEREGRINACIÓNS

Entre os anos 2008 e 2018 o número de peregrinacións a Santiago multiplícouse por 2'6 até acadar a cifra de 325.000. Ademais desta medranza de seu, entre os fenómenos máis destacados do período podemos salientar a progresiva feminización das peregrinacións, que en 2018 xa implicaba a paridade entre mulleres e homes, e a internacionalización, cun paulatino e constante incremento dos peregrinos estranxeiros até superar en 12 puntos aos peregrinos de nacionalidade española. De todo iso damos conta nos seguintes gráficos.

GRÁFICO 16

Fonte: Oficina do Peregrino

Número de peregrinacións a Santiago






GRÁFICO 17

Fonte: Oficina do Peregrino

Peregrinación a Santiago de mulleres (%)



En canto á nacionalidade dos peregrinos estranxeiros, un 8'2% provén de Italia, un 7'7% de Alemaña, o 5'7% dos Estados Unidos, o 4'4% de Portugal e o 2'7% de Francia. En total fixeron o Camiño de Santiago en 2018 cidadáns de 177 países.

GRÁFICO 18*Fonte: Oficina do Peregrino*

INDICADORES SECTORIAIS E DE PARTICIPACIÓN CULTURAL

LIBRO E EDITORIAIS

En 2017 editáronse no municipio de Santiago de Compostela 512 libros⁷, dos que 357 foron impresos. Deses 512, máis de dous terzos foron publicados en lingua galega, unha cuarta parte en castelán, e os restantes noutras linguas.

GRÁFICO 19


Fonte: Base de datos do ISBN.
Ministerio de Cultura e Deporte

Entre 2010 e 2017 obsérvase unha tendencia xeral decrecente na edición de libros en Santiago, cun descenso acumulado nese período do 24'4%, e unha caída moi pronunciada nos anos 2012 e 2013. Na actualidade semella que a situación está máis estabilizada coa publicación de algo máis de 500 libros ao ano.


GRÁFICO 20

Fonte: Base de datos do ISBN.
Ministerio de Cultura e Deporte

Libros editados en Santiago, por lingua de publicación (%)



Evolución do número de libros editados en diferentes soportes



⁷ Incorporouse a definición de libro derivada da Lei 10/2007 da Lectura, do Libro e das Bibliotecas, engadindo os libros en soportes distintos do papel.

Se o comparamos co total de libros impresos en Galicia, vemos como na cidade se editan arredor dunha quinta parte do total, cunha importante caída en 2013 pero recuperando posicións relativas desde entón.



GRÁFICO 21

Fonte: Base de datos do ISBN.
Ministerio de Cultura e Deporte

Das 475 editoriais rexistradas en Galicia, 86 (un 18'1%) teñen sede en Santiago, o que a convirte na cidade galega con maior volume, non só en termos relativos senón tamén absolutos. Combinando ambos datos (libros impresos e editoriais) poderíamos situar nun 20% o peso da actividade editorial compostelá a respecto da galega.

GRÁFICO 22

Fonte: Base de datos do ISBN. Base de datos de editoriais.
Ministerio de Cultura e Deporte

Libros impresos en Santiago sobre o total de Galicia (%)**Distribución das editoriais nas cidades galegas (%)**

BIBLIOTECAS

En Santiago de Compostela hai 23 puntos de servizo bibliotecario, dos que 5 pertencen á Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e 18 á Biblioteca Universitaria de Santiago. Forman parte da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia as seguintes:

Biblioteca de Galicia

Biblioteca Pública Ánxel Casal

Biblioteca Pública Monte do Gozo

Biblioteca Pública Municipal José Saramago
(con extensións nos Centros Cívicos de Fontiñas, Vite, Santa Marta e Conxo)

Biblioteca Afundación Santiago de Compostela

Pola súa parte, a Biblioteca Universitaria de Santiago dispón dos seguintes puntos de servizo:

Biblioteca Xeral

Biblioteca Concepción Arenal

Facultade de Bioloxía

Facultade de Ciencias da Comunicación

Facultade de Ciencias da Educación (campus norte)

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Facultade de Enfermaría

Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Facultade de Física

Facultade de Óptica e Optometría

Facultade de Farmacia

Facultade de Filoloxía

Facultade de Filosofía

Facultade de Matemáticas

Facultade de Medicina e Odontoloxía

Facultades de Psicoloxía e Ciencias da Educación

Facultade de Química

Facultade de Xeografía e Historia

Os principais datos de actividade do sistema bibliotecario de Santiago de Compostela en 2016 quedan recollidos na seguinte táboa:

DATOS DO SISTEMA BIBLIOTECARIO DE SANTIAGO

	Rede de Bibliotecas Públicas	Biblioteca Universitaria da USC ^a
Puntos de servizo	5	18
Postos de consulta	272	4.904
Usuarios inscritos	9.666	44.329
Visitas	51.140	332.503
Préstamos a domicilio	13.916	285.866
Visitas á páxina web	102.662	2.732.144

TÁBOA 4

Fontes: Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e Biblioteca Universitaria da USC (2016)

Como se evidencia na táboa, non se pode entender o sistema bibliotecario compostelán sen o papel preponderante da USC, multiplicando por 6 o número de visitas ás bibliotecas da Rede e por 20 os préstamos a domicilio. Quizás sexa este, a presenza secular da Universidade, un dos factores que explique o escaso investimento histórico en bibliotecas na capital de Galicia. As cifras da Rede de Bibliotecas Públicas están en Santiago moi lonxe das que acadan as outras cidades da provincia: na Coruña, máis de 100.000 usuarios, 400.000 préstamos e un millón de visitas; en Ferrol, máis de 30.000 usuarios, 75.000 préstamos e 150.000 visitas.

ARQUIVOS

Segundo indica o Observatorio da Cultura Galega na súa “Diagnose da Cultura Galega”, a información estatística relativa a arquivos non adoita presentar a fiabilidade e o grao de actualización que sería desexable, polo cal debe ser tomada con precaución. Se analizamos a web censoarchivos.mcu.es do Ministerio de Cultura e Deporte, e combinamos esa fonte coa Memoria de Actividades de Cultura 2017 da Xunta de Galicia, cun enfoque acumulativo (engadindo todas as referencias), poderemos obter a seguinte listaxe de 37 arquivos no municipio de Santiago:

Arquivo da parroquia da Nosa Señora da Mercé de Conxo

Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela

Arquivo Biblioteca Eugenio Granell

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela

Arquivo do Mosteiro de San Paio de Antealtares de Santiago de Compostela

Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela

Arquivo Histórico da Fundación 10 de Marzo

Arquivo do Consello de Contas de Galicia

Arquivo do Parlamento de Galicia

Arquivo da Parroquia de San Fernando de Santiago de Compostela

Arquivo da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo

Arquivo de Galicia

Arquivo da Fundación Gonzalo Torrente Ballester

Arquivo da Fundación Galiza Sempre

Arquivo do Nacionalismo Galego (privado)

⁸ Os datos do número de usuarios inscritos e das visitas á páxina web son globais da USC e non están desagregados para os campus de Santiago. Nos restantes casos, son datos exclusivos dos campus de Santiago.

Arquivo da Real Sociedade Económica de Amigos do País (privado)

Arquivo da Parroquia de Santa María de Marrozos

Arquivo da Parroquia de Santa María A Antiga da Corticela
de Santiago de Compostela

Arquivo da Parroquia de San Caetano de Santiago de Compostela

Arquivo da Parroquia de San Fiz, Santo André e Santa Salomé

Arquivo da Parroquia de San Fructuoso e Santa Susana

Arquivo da Parroquia de San Xoán Apóstolo

Arquivo da Parroquia de San Miguel de Agros

Arquivo da Parroquia de Santa Marta de Arriba

Arquivo da Parroquia de San Cristovo de Enfesta

Arquivo da Parroquia de San Paio de Sabugueira e o seu anexo
de San Xulián do Carballal

Arquivo do Museo do Pobo Galego

Arquivo da Escola Universitaria de Enfermería

Arquivo do Instituto de Ensino Medio Rosalía de Castro

Arquivo do Instituto de Ensino Medio - Xelmírez I

Arquivo da Cámara Oficial da Propiedade Urbana

Arquivo Municipal de Santiago de Compostela

Arquivo da Fundación Luís Tilve da UXT Galicia (privado)

Arquivo central da Consellería de Educación, Universidade
e Formación Profesional

Arquivo central da Consellería de Cultura e Turismo

Arquivo central da Consellería de Política Social

Arquivo central da Consellería de Economía, Emprego e Industria

PATRIMONIO

As estatísticas culturais no campo do patrimonio adoitan reflectir o número de bens, sexan mobles, inmobles ou inmateriais, rexistrados ou incoados (en proceso de rexistro) como Ben de Interese Cultural. Dos 689 BIC rexistrados en Galicia, 16 (un 2'3%) localízanse no termo municipal de Santiago de Compostela. Todos eles son bens inmobles.

BENS REXISTRADOS COMO BIC

	Nº total	Inmobles	Mobles	Inmateriais
Santiago de Compostela	16	16	0	0
Galicia	689	679	9	1

TABOA 5

Fonte: Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Xunta de Galicia)

A continuación indicamos cales son os bens patrimoniais de Compostela recoñecidos como BIC:

Colexiata de Santa María a Real do Sar

Catedral metropolitana de Santiago de Compostela

Igrexa de San Francisco de Valdedeus de Santiago de Compostela

Capela do Hospital Real de Santiago de Compostela

Igrexa de San Domingos de Bonaval

Pazo arcebispal de Xelmírez

Hospital Real de Santiago de Compostela

Conxunto histórico de Santiago de Compostela

Mosteiro de San Lourenzo de Trasouto

Biblioteca Pública de Santiago de Compostela Ánxel Casal

Museo das Peregrinacións e de Santiago de Compostela

Arquivo de Galicia

Biblioteca de Galicia

Museo Pedagógico de Galicia (Mupega)

Camiño Francés

Camiño do Norte da Costa


Na actualidade, dos 55 expedientes de incoación en Galicia para acadar a condición de BIC, ningún deles se corresponde con bens localizados en Santiago de Compostela.

MUSEOS

O municipio de Santiago de Compostela conta cun mesto tecido museístico. Entre outras entidades e institucións, constan o Museo da Catedral de Santiago, o Museo do Pobo Galego, o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), o Museo das Peregrinacións e de Santiago, o Museo Centro Gaiás, o Museo da Fundación Eugenio Granell, o Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), o Museo de Historia Natural da USC, o Museo da Casa da Troia, o Museo da Colexiata do Sar, o Museo do Mosteiro de San Paio de Antealtares, a Colección de Anestesioloxía e Reanimación da USC, a Colección dos Gabinetes de Ciencias do Antigo Instituto de Santiago, o Museo de Terra Santa, e até hai uns meses o Museo Etnográfico Sotelo Blanco, quen anunciou o seu traslado a Castro Caldelas para crear o Museo Antropolóxico da Ribeira Sacra.

A partir da información publicada na Memoria de Actividades de Cultura 2017 da Xunta de Galicia e das consultas individualizadas a varios destes museos, podemos compoñer a seguinte táboa de visitas para as anualidades de 2016 e 2017.

Visitas a museos de Santiago de Compostela



VISITAS AOS MUSEOS DE SANTIAGO

	2016	2017
Museo da Catedral de Santiago	183.956	215.003
Centro Galego de Arte Conte	46.721	60.374
Museo Centro Gaiás	44.272	57.403
Museo do Pobo Galego	46.391	50.042
Museo das Peregrinacións e de Santiago	34.353	38.557
Museo de Historia Natural (USC)	18.000	18.000
Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA)	10.246	9.995
Museo da Fundación Eugenio Granell	10.120	9.537
Museo da Colexiata do Sar	3.373	4.028
Museo Casa da Troia	1.812 ⁹	2.373 ¹⁰

TÁBOA 6

Fontes: Memoria de Actividades de Cultura 2017 da Xunta de Galicia e consultas directas a entidades

As visitas ao Museo da Catedral de Santiago en 2017 superan á suma dos seguintes catro museos máis visitados (CGAC, Museo Centro Gaiás, Museo do Pobo Galego e Museo das Peregrinacións e de Santiago). Se agregamos as visitas de todos os museos da táboa para as anualidades de 2016 e 2017 podemos constatar un medre dun 16’5%.

GRÁFICO 23

Fontes: Memoria de Actividades de Cultura 2017 da Xunta de Galicia e consultas directas a entidades

9 Aberto 58 días, de marzo a setembro.

10 Aberto 74 días, de abril a setembro.

RODAXES


O número de rodaxes audiovisuais poden ser indicativas do atractivo dun territorio e da súa capacidade de proxección exterior. Por este motivo a entidade xestora das rodaxes na cidade, a Santiago de Compostela Film Commission, está inscrita dentro do organigrama da empresa municipal INCOLSA – Turismo de Santiago, desde onde se nos facilitou a información deste apartado.

No período entre os anos 2002 e 2017 realizáronse en Santiago 515 rodaxes de produtos audiovisuais de diversa tipoloxía¹¹, implicando a produtoras, axencias e outras entidades do gremio pertencentes a 28 países.

A partir de 2003 detéctase un forte incremento no número de rodaxes, que vivirá o seu período de maior actividade entre os anos 2005 e 2010, para despois estabilizarse con lixeiros vaivéns arredor das 30 rodaxes por ano. O número de nacionalidades implicadas nestas rodaxes tamén medrou de forma significativa a partir de 2005, para oscilar desde entón na contorna das 8 rodaxes internacionais por ano.

GRÁFICO 24

Fonte: Santiago de Compostela Film Commission



¹¹ Longametraxes, curtametraxes, documentais, programas TV, spots publicitarios, vídeo clips, series TV, programa de radio, TV movies e reportaxes.


HÁBITOS E PRÁCTICAS CULTURAIS DA POBOACIÓN

Para acceder aos datos dos hábitos e prácticas culturais da cidadanía debemos recorrer á Enquisa Estrutural a Fogares que elabora o IGE, e en particular ao módulo de Ocio e Hábitos Culturais. A última edición deste módulo data de 2014 e permite desagregar a información até a escala de áreas xeográficas que agrupan a varias comarcas. No caso que nos atinxe sería a área xeográfica conformada polas comarcas da Barcala, Sar e Santiago.

GRÁFICO 25

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de ocio e hábitos culturais (2014)

Alén de seguir os contidos dos medios de comunicación, as persoas deste territorio adoitan maioritariamente consumir produtos musicais e audiovisuais (88'1%) e navegar por internet (64'8%). O hábito cultural máis consolidado sería a lectura (58'4%), seguido da realización de actividades relacionadas coas artes plásticas (13'6%), coa música (5'5%) e coas artes escénicas (5'5%). Segmentando estes resultados por tramos de idade poderemos obter un debuxo máis nítido e preciso.




En termos xerais, os hábitos e prácticas culturais decrecen coa idade, a excepción do uso dos medios de comunicación, que permanece constante e nos niveis máis altos. escoitar música ou ver películas tamén é un hábito transversal a todos os grupos de idade, sen baixar do 70% en ningún caso. A lectura xa presenta maiores contrastes: é practicada por un 85% da poboación máis nova e por menos dun 30% entre as persoas de maior idade. Ese mesmo salto, pero aínda máis agudo, se produce no acceso a internet, que acada as súas meirandes cotas entre os 15 e os 49 anos (arredor do 90-95%) e que só abrangue ao 16% da xente maior. No caso das artes plásticas, nas que son incluídas a fotografía e o vídeo, semella haber un corte significativo a partir dos 50 anos. E por último, a práctica das artes escénicas e das actividades musicais parece concentrarse nos menores de 30 anos, se ben con cifras discretas.

GRÁFICO 26

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de ocio e hábitos culturais (2014)


Actividade que realiza no seu tempo libre, por tramos de idade (%)



Das persoas que manifestaron na enquisa do IGE ter hábitos ou realizar prácticas culturais, as mulleres son maioría, especialmente no que atinxe á lectura (14,6 puntos de diferenza a respecto dos homes) e á práctica das artes escénicas (26,4 puntos). Só existe unha pequena diferenza favorable aos homes na práctica de actividades musicais e no uso de internet.

GRÁFICO 27

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de ocio e hábitos culturais (2014)



ACTIVIDADES QUE REALIZA NO SEU TEMPO LIBRE (%)

	Comarcas da Barcala, Sar e Santiago	Comarcas da Coruña e Betanzos	Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal	Comarcas de Lugo e A Ulloa	Comarca de Ourense	Comarca de Pontevedra	Comarca de Vigo	Galicia
Artes escénicas (ir a baile, facer teatro...)	5,5	7,1	5,3	4,9	5,4	5,9	5,4	5,3
Actividades musicais (tocar un instrumento, cantar nun coro...)	5,5	8,7	6,8	6,5	9	8,4	7,8	7,1
Artes plásticas (pintura, debuxo, fotografía, vídeo...)	13,6	19,8	13,7	14,8	15	16,4	13,5	14
Ler	58,4	63	53,2	50	57	62	59	53
Escoitar música, ver películas, series, documentais	88,1	91,7	88,2	76,5	88,3	79,3	81	83,9
Ver a televisión, escoitar a radio, ler a prensa	99	99,1	99,3	99,3	99,8	99,5	99,5	99,3
Navegar pola rede	64,8	66,7	55,4	52,5	60,8	66,8	65,2	57,7

TÁBOA 7

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de ocio e hábitos culturais (2014)


Como podemos observar nesta táboa, os datos para Santiago non difiren demasiado a respecto da media galega. A área xeográfica composta polas comarcas da Barcala, Sar e Santiago presenta un maior hábito de lectura, de escoitar música e ver películas, series e documentais, e de navegar pola rede que o conxunto do país, e unha menor práctica de actividades musicais. Nesta comparativa, e visto dun xeito agregado, as áreas xeográficas que maiores hábitos e prácticas culturais posúen son as comarcas da Coruña e Betanzos, xunto coa comarca de Pontevedra.

GRÁFICO 28

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de ocio e hábitos culturais (2014)

O hábito cultural máis estendido entre os habitantes do territorio da Barcala - Sar - Santiago é a asistencia a festas populares e verbenas. Dous terzos

Asistencia a actividades culturais (%)



da cidadanía acudiu a algún evento destas características no último ano. A continuación estaría a asistencia a espectáculos musicais e a visita a museos, exposicións e arquivos, que concitaron a afluencia de arredor dun 40% da poboación no último ano. En último lugar desta relación estaría a asistencia a funcións de teatro, contacontos, monicreques e circo, que terían atraído a un terzo das persoas no último ano.

GRÁFICO 29

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de ocio e hábitos culturais (2014)


Como vimos anteriormente, a lectura é o hábito cultural máis arraigado entre a poboación. Pois ben, aproximadamente un 32% da poboación le máis dunha vez cada semana, outro 30% de forma máis esporádica e un 38% en ningunha ocasión. Relacionado co hábito da lectura está o hábito da asistencia ás bibliotecas, do que damos conta no seguinte gráfico:

GRÁFICO 30


Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de ocio e hábitos culturais (2014)

Arredor dun 10% da poboación fai un uso regular das bibliotecas (cada semana ou cada mes), outro 21% de forma máis esporádica e os dous terzos restantes non as utilizan, por non dispor deste equipamento de proximidade ou por outras motivacións.

Frecuencia de lectura (%)



Uso dos servizos dunha biblioteca para consulta de obras ou préstamo de libros (%)



Se analizamos a evolución entre 2006 e 2014, podemos constatar un lixeiro incremento no hábito da lectura na área xeográfica de Santiago¹², ao pasar dun 57'3% da poboación a un 58'4%. Máis acentuada é a medranza se nos referimos á lectura habitual (varias veces á semana), que pasa dun 23'4% da poboación ao 31'9%. Pola contra, onde se detecta unha caída é no uso dos servizos dunha biblioteca, pasando do 39'2% das persoas enquisadas ao 31'6%.

E para rematar este apartado, mostramos agora a frecuencia de acceso aos medios de comunicación entre a poboación das tres comarcas.

FRECUENCIA DE ACCESO AOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN (%)

	Diariamente	Semanalmente	Mensualmente ¹³	Esporadicamente	Nunca
Televisión	85,0	10,5	1,0	2,3	1,3
Radio	34,6	19,1	4,0	21,1	21,2
Xornais	35,3	20,9 ¹⁴	2,3	19,0	22,5
Revistas		14,4	18,9	29,6	37,1

TÁBOA 8

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de ocio e hábitos culturais (2014)

Como era de prever, dos medios de comunicación sinalados a televisión é que presenta un maior uso cotián, cun 85% de poboación que a frecuenta a diario. Aproximadamente un 40% das persoas non escoitan a radio nin len os xornais, ou só o fan de xeito esporádico.

¹² O dato de 2006 corresponde á comarca de Santiago, e o de 2014 á agrupación das comarcas da Barcala, Sar e Santiago.

¹³ A respecto da enquisa orixinal, consideramos equivalentes a resposta "Polo menos unha vez a o mes" no caso dos xornais e "Algunha vez ao mes" no caso da televisión e a radio.

¹⁴ Dato resultante da agregación das respostas "Dúas veces á semana" e "Unha vez á semana".

NOVAS TECNOLOXÍAS

A información deste apartado é extraída do módulo de Novas Tecnoloxías que implementou o IGE para os anos 2008 e 2013, dentro da Enquisa Estrutural a Fogares. Cómpre advertir que se trata de información antiga, especialmente nun ámbito como o tecnolóxico, de acelerada transformación de soportes e usos. Por este motivo seleccionamos aqueles datos que, ao noso xuízo, poden gardar certa significación ou denotar tendencias, pero que seguramente xa non se poden considerar representativos ou fiel reflexo da realidade actual.

No Concello de Santiago medrou o uso de telefonía móbil (dun 75% da poboación a un 81'8%) e do uso diario do ordenador (dun 62'9% a un 66'1%) no período analizado 2008 - 2013. Nese lapso temporal, Santiago era a cidade galega con maior presenza do comercio electrónico.

PERSOAS QUE SE CONECTARON A INTERNET NOS ÚLTIMOS 3 MESES E REALIZARON ALGUNHA COMPRA POR INTERNET NO ÚLTIMO ANO (%)

	2008	2013
Concello de Ferrol	13,55	21,29
Concello da Coruña	17,78	31,23
Concello de Santiago de Compostela	17,64	33,84
Concello de Lugo	13,25	29,41
Concello de Ourense	10,84	23,99
Concello de Pontevedra	13,03	24,61
Concello de Vigo	12,62	22,18

TÁBOA 9

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de novas tecnoloxías (2008, 2013)

Como é de agardar, tamén nese lustro creceu o uso de internet para fins persoais e recreativos. Xa con datos para a área xeográfica composta polas comarcas da Barcala, Sar e Santiago, podemos observar esa evolución na seguinte táboa. Destaca o incremento no acceso a medios de comunicación, sexa radio, televisión ou prensa escrita dixital.

SERVIZOS DE INTERNET CON FINS PERSOAIS NOS ÚLTIMOS 3 MESES (%)

	2008	2013
Escoitar a radio, ver a televisión	20,7	31,3
Acceder (ler ou baixar) á prensa escrita dixital (periódicos ou revistas)	46,2	56
Descargar ou usar xogos, música, películas, imaxes...	39,3	44,1
Buscar información sobre bens e servizos do seu interese	82,7	85,2
Participar en redes sociais		51,5


TÁBOA 10

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de novas tecnoloxías (2008, 2013)

As mulleres e os homes das comarcas da Barcala, Sar e Santiago presentan un patrón de uso de internet relativamente similar, se ben con algunhas diferencias a salientar. En 2013 as mulleres participaban máis en redes sociais ou buscaban información do seu interese, mentres que os homes realizaban máis descargas de contidos e accedían aos medios de comunicación en maior medida.

GRÁFICO 31

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de novas tecnoloxías (2013)

Servizos de internet con fins persoais nos últimos 3 meses, por xénero (%)


Se o analizamos por idades tamén poderemos constatar o impacto do factor xeracional, cunha mocidade que é nativa dixital e un colectivo de persoas maiores máis expostos á fenda dixital.

GRÁFICO 32

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de novas tecnoloxías (2013)

Como podemos observar, o tramo de 15 a 29 anos son o grupo máis activo no conxunto dos servizos indicados.

Servizos de internet con fins pessoais nos últimos 3 meses, por idades (%)



LINGUA

Para a confección deste apartado recorreremos de novo aos datos do IGE, nesta ocasión ao módulo de Coñecemento e Uso do Galego que tamén se inscribe na Enquisa Estrutural a Fogares. Dispoñemos de datos dos sete maiores concellos de Galicia para as anualidades de 2008 e 2013.

LINGUA HABITUAL NAS CIDADES GALEGAS (%)

	Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán
Concello da Coruña	9,4	12,2	31,8	46,6
Concello de Santiago	29,1	17,8	31,9	21,2
Concello de Ferrol	7	7,9	26,7	58,4
Concello de Lugo	23,2	26,3	24,8	25,7
Concello de Ourense	16,2	22,4	34,2	27,2
Concello de Pontevedra	8,3	16	32,1	43,6
Concello de Vigo	7,7	11,4	29,5	51,4

TÁBOA 11


Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de coñecemento e uso do galego (2013)

Santiago era en 2013 a cidade en que máis se falaba en exclusiva o galego e a segunda tras Lugo se agrupamos o uso exclusivo co uso máis frecuente. O menor uso habitual do galego atopámolo en Ferrol e Vigo, por esta orde.

GRÁFICO 33

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de coñecemento e uso do galego (2008, 2013)

Evolución da lingua habitual en Santiago (%)



Entre 2008 e 2013 incrementouse en oito puntos a porcentaxe de habitantes de Santiago que falaban en exclusiva o galego, ao tempo que diminuíu en cinco puntos a porcentaxe agrupada como lingua máis habitual (galego e máis galego). Este descenso no uso habitual do galego foi a tendencia común nas restantes cidades, a excepción de Lugo, onde subiu un 2%. Ourense e Pontevedra son as cidades nas que se rexistrou unha caída máis brusca, cun 8'5% e 7'3% respectivamente.

GRÁFICO 34

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de coñecemento e uso do galego (2013)

Preto dun 90% saben falar moito ou bastante en galego, sendo a cidade galega que presenta unha cifra máis elevada, seguida de Lugo e Ourense.


PERSOAS QUE SABEN FALAR MOITO OU BASTANTE EN GALEGO (%)

Concello da Coruña	79,9
Concello de Santiago	89,4
Concello de Ferrol	67,1
Concello de Lugo	88,3
Concello de Ourense	86
Concello de Pontevedra	77
Concello de Vigo	72,7

TÁBOA 12

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.
Módulo de coñecemento e uso do galego (2013)

Persoas que saben falar galego en Santiago (%)



Entre 2008 e 2013 reduciuse levemente a porcentaxe de persoas de Santiago que manifestaban saber falar moito ou bastante en galego, nunha evolución semellante á das cidades da Coruña e Vigo. Os maiores descensos nese período encontrámoslos en Ferrol (dun 77'8% a un 67'1%) e en Pontevedra (un 5'6% menos). En sentido oposto, tanto Ourense como Lugo experimentaron un leve incremento inferior a un punto.

Santiago tamén é a cidade na que máis persoas indican que lles gustaría dispor de máis contidos en galego nos medios de comunicación, particularmente na prensa (62'4%) e na televisión (61'6%).

ENCONTROS PROFESIONAIS

A celebración de toda clase de xuntanzas e encontros dos profesionais, empresas e tecido asociativo da cultura son un elemento importante para favorecer a vertebración dun sector moi atomizado e falto de espazos de intercambio e cooperación. Desde o Concello de Santiago impulsáronse en 2018 tres “encontros abertos co sector cultural de Compostela”, cunha afluencia conxunta de 140 persoas.

ENCONTROS ABERTOS CO SECTOR CULTURAL DE COMPOSTELA (2018)

Encontros	Asistentes
06/02/2018: monográfico sobre a convocatoria de axudas a procesos e actividades culturais, por concorrência aberta e competitiva	60
24/04/2018: monográfico sobre a promoción das Industrias Culturais e Creativas, o fomento da innovación e a colaboración con outros territorios	43
15/05/2018: análise das bases reguladoras da convocatoria aberta de axudas a proxectos e actividades culturais 2018-2019	37

TÁBOA 13

Fonte: Concello de Santiago

INDICADORES DE PROGRAMACIÓN


No que atinxe á programación cultural de Santiago de Compostela, centrarémolos nos datos facilitados polo Auditorio de Galicia, e só de forma secundaria, por dispoñer de menor información, nas actividades realizadas pola Rede de Centros Cívicos. O Auditorio de Galicia é o organismo de dependencia municipal con maiores recursos destinados a cultura e o que aglutina boa parte da programación artística do Concello. Xestiona actividades culturais no propio edificio que lle dá nome, ademais de no Teatro Principal, na Zona C e noutros espazos da cidade.

RECURSOS ECONÓMICOS DO AUDITORIO DE GALICIA

O gasto liquidado total do organismo Auditorio de Galicia en 2017 foi de 2.794.246,37 €, dos que 1.336.994,67 € (un 47'8%) foron destinados á organización de actividades culturais. Dese gasto específico en actividades culturais, un 43'2% dedicouse ao cinema, un 24% a artes escénicas, un 20'7% a música, un 5'3% a artes visuais e un 3'6% a programación didáctica.

GRÁFICO 35

Fonte: Auditorio de Galicia




Nese mesmo ano 2017, a recadación en billeteira ascendeu a 262.537,70 €, un 19'6% do investido en actividades culturais. Máis da metade deses ingresos en billeteira (59'8%) foron obtidos en actividades de artes escénicas, un 27'7% en actividades de cinema e un 11'9% en actividades musicais.

GRÁFICO 36

Fonte: Auditorio de Galicia

Medindo a taxa de retorno económico (ingresos en billeteira / recursos investidos) segundo disciplinas artísticas, veremos como as actividades de artes escénicas recadan un 48% do que se inviste nelas, as de cinema un 12'4% e as de música un 11%.

**Recadación en billeteira do Auditorio de Galicia,
por disciplinas artísticas (%)**



PÚBLICOS NO EDIFICIO DO AUDITORIO DE GALICIA

En 2017 programáronse un total de 140 actividades no edificio do Auditorio de Galicia, das que 99 foron actividades programadas polo propio Auditorio e 41 por terceiras entidades en réxime de cesión ou alugueiro. En total asistiron como espectadores 81.491 persoas, cunha ocupación media do 68% do aforo dispoñible e 528 persoas por actividade programada.

GRÁFICO 37


Fonte: Auditorio de Galicia

De entre as actividades propias programadas polo Auditorio de Galicia, as que presentaron maior afluencia de público e máis altas taxas de ocupación foron as musicais, as didácticas e as visuais, a gran distancia das demais disciplinas artísticas.


GRÁFICO 38

Fonte: Auditorio de Galicia

Públicos do Auditorio de Galicia, por entidade organizadora



Asistentes a actividades propias no Auditorio de Galicia, por disciplinas artísticas



Para unha información máis en detalle, pódense consultar as seguintes táboas desagregadas por entidade organizadora e disciplinas artísticas.

ACTIVIDADES PROPIAS DO AUDITORIO DE GALICIA

	Nº actividades	Nº asistentes	% ocupación	Nº asistentes / actividade
MÚSICA	34	24.666	74'3	725'5
TEATRO	6	2.264	37'8	377'3
DANZA	1	137	13'7	137
CIRCO	2	609	30'5	304'5
FAMILIAR	6	2.441	40'7	406'8
DIDÁCTICO	33	19.225	85'0	582'6
CONVERSAS	14	650	17'8	46'4
TOTAL	96	49.992	67'2	520'7

TÁBOA 14

Fonte: Auditorio de Galicia

ACTIVIDADES PROPIAS DO AUDITORIO DE GALICIA (ARTES VISUAIS)

	Nº actividades	Nº asistentes	% ocupación	Nº asistentes / actividade
ARTES VISUAIS	3	9.180		3.060'0

TÁBOA 15

Fonte: Auditorio de Galicia

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POR TERCEIRAS ENTIDADES NO AUDITORIO DE GALICIA

	Nº actividades	Nº asistentes	% ocupación	Nº asistentes / actividade
CESIÓN	18	5.105	49'3	283'6
ALUGUEIRO	23	17.214	80'1	748'4
TOTAL	41	22.319	70'1	544'3

TÁBOA 16

Fonte: Auditorio de Galicia

PÚBLICOS NO TEATRO PRINCIPAL

Durante 2017 celebráronse 398 actos no Teatro Principal, dos que 306 se inscriben na programación do Auditorio de Galicia e 92 a cargo doutras entidades baixo cesión do recinto. En total houbo unha afluencia de 64.373 espectadores, cunha taxa de ocupación media do 41'9% e 162 asistentes por actividade.

GRÁFICO 39


Fonte: Auditorio de Galicia

Por disciplinas artísticas, asistiron a funcións de teatro máis de 18.000 persoas, cun 54% de ocupación, seguido das proxeccións de cinema con máis de 15.000 espectadores e un 31'4% de ocupación, e dos concertos musicais, con máis de 10.000 persoas e un 49% de ocupación. Con todo, foron as programacións didácticas as que lograron maiores cotas de ocupación do aforo, cun 77'5% (se exceptuamos o circo, do que se celebrou unha única función).


GRÁFICO 40

Fonte: Auditorio de Galicia

Públicos no Teatro Principal, por entidade organizadora



Asistencia a actividades propias no Teatro Principal, por disciplinas artísticas



De igual modo que no apartado anterior, xuntamos as táboas onde consta a información desagregada por entidade organizadora e disciplinas artísticas.

ACTIVIDADES PROPIAS DO AUDITORIO DE GALICIA NO TEATRO PRINCIPAL

	Nº actividades	Nº asistentes	% ocupación	Nº asistentes / actividade
MÚSICA	52	10.199	49'0	196'1
TEATRO	85	18.308	53'8	215'4
DANZA	9	617	17'1	68'5
CIRCO	1	382	95'5	382
FAMILIAR	4	686	42'9	171'5
DIDÁCTICO	28	4571	77'5	163'2
CINEMA	123	15.437	31'4	125'5
CONVERSAS	2	260	32'5	130'0
LETRAS	1	260	65'0	260'0
OBRADOIRO	1	3	12'0	3'0
TOTAL	306	50723	43'4	165'7

TÁBOA 17

Fonte: Auditorio de Galicia

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POR TERCEIRAS ENTIDADES NO TEATRO PRINCIPAL

	Nº actividades	Nº asistentes	% ocupación	Nº asistentes / actividade
CESIÓN	92	13.650	37'1	148'4

TÁBOA 18

Fonte: Auditorio de Galicia


PÚBLICOS NOUTROS ESPAZOS

No que atinxe ás actividades realizadas polo Auditorio de Galicia tanto na Zona C como noutros espazos da cidade, sumaron un total de 387, ás que podemos engadir dúas máis a cargo de terceiras entidades a quen se lles cedeu a Zona C. As 387 actividades do Auditorio de Galicia contaron cunha afluencia estimada de 21.884 espectadores e unha media de 56 asistentes por evento.

GRÁFICO 41

Fonte: Auditorio de Galicia

Como podemos observar no gráfico, máis da metade do público asistiu a actividades cinematográficas, e en menor medida a concertos, funcións de teatro e espectáculos de danza. Porén, as que obtiveron un maior número de espectadores por evento foron a danza, a música e o teatro, só superadas polos debates (dos que só se celebraron dous).



E de novo, mostramos unha táboa con información máis pormenorizada.

ACTIVIDADES PROPIAS DO AUDITORIO DE GALICIA NOUTROS ESPAZOS

	Nº actividades	Nº asistentes (estimación)	Nº asistentes / actividade
MÚSICA	34	3.553	104'5
TEATRO	25	2.604	104'1
DANZA	6	1.249	208'2
CIRCO	1	13	13'0
PERFORMANCES	4	249	62'2
DIDÁCTICO	9	728	80'9
CINEMA	297	12.659	42'6
DEBATE	2	320	160'0
LETRAS	1	83	83'0
OBRADOIROS	6	78	13'0
ARTES VISUAIS	2	348	174'0
TOTAL	387	21.884	56'5

TÁBOA 19

Fonte: Auditorio de Galicia


Facendo un sumatorio entre todas as actividades organizadas polo Auditorio de Galicia en 2017, fosen no propio edificio do Auditorio, no Teatro Principal, na Zona C e noutros espazos da cidade, chegamos a unha cifra de 131.779 espectadores para 792 actividades, e unha media de asistentes por evento de 181 persoas. Segmentando as actividades por disciplinas artísticas (e agregando teatro, danza, circo e performance baixo a etiqueta de “artes escénicas”) sáenos a seguinte distribución de espectadores.

Do que se deduce que a música é a que máis asistentes achega, seguida polo cinema, as artes escénicas e as actividades didácticas (estas tres con aportacións semellantes), e a certa distancia as artes visuais.

GRÁFICO 41

Fonte: Auditorio de Galicia

Públicos nas actividades organizadas polo Auditorio de Galicia en 2017



COMPARATIVA POR DISCIPLINAS ARTÍSTICAS

Co obxecto de poder trazar unha comparativa máis clara e integral do comportamento das diferentes disciplinas artísticas na programación 2017 do Auditorio de Galicia, procedemos agora a mostrar unhas fichas técnicas por disciplina nas que se inclúen os principais datos de síntese (actividades, espectadores e economía).

MÚSICA (con R.F.G.)¹⁵

Nº concertos	120
Nº espectadores	38.418
Espectadores por concerto	320'1
Gasto liquidado	277.363,93 €
Recadación en billeteira	30.692,26 €
Gasto do Auditorio por asistente	7'2 €
Gasto neto do Auditorio por asistente	6'4 €

TÁBOA 20

Fonte: Auditorio de Galicia

MÚSICA (sen R.F.G)

Nº concertos	88
Nº espectadores	15.947
Espectadores por concerto	181'2
Gasto liquidado	277.363,93 €
Recadación en billeteira	30.692,26 €
Gasto do Auditorio por asistente	17'4
Gasto neto do Auditorio por asistente	15'5

TÁBOA 21

Fonte: Auditorio de Galicia

¹⁵ A Real Filharmonía de Galicia (R.F.G.), formación dependente do Consorcio de Santiago, organiza unha programación de abono en colaboración co Auditorio de Galicia. Os custes e ingresos derivados dos concertos da RFG repercuten no orzamento do Consorcio de Santiago e non nas contas do Auditorio de Galicia. Para evitar unha percepción distorsionada en canto aos custes por espectador na disciplina musical, decidimos publicar dúas táboas: unha na que se inclúe a actividade da RFG e outra sen ela.

CINEMA

Nº proxeccións	420
Nº espectadores	28.096
Espectadores por proxección	66'9
Gasto liquidado	577.455,16 €
Recadación en billeteira	71.387 €
Gasto do Auditorio por asistente	20'5 €
Gasto neto do Auditorio por asistente	18'0 €

TÁBOA 22

Fonte: Auditorio de Galicia

ARTES ESCÉNICAS

Nº funcións	140
Nº espectadores	26.432
Espectadores por función	188'8
Gasto liquidado	320.999,15 €
Recadación en billeteira	154.173 €
Gasto do Auditorio por asistente	12'1 €
Gasto neto do Auditorio por asistente	6'3 €

TÁBOA 23

Fonte: Auditorio de Galicia

DIDÁCTICA

Nº actividades	70
Nº asistentes	24.524
Asistentes por actividade	350'3
Gasto liquidado	48.410,24 €
Gasto do Auditorio por asistente	1'9 €
Gasto neto do Auditorio por asistente	1'9 €

TÁBOA 24

Fonte: Auditorio de Galicia

ARTES VISUAIS

Nº exposicións	5
Nº asistentes	9.528
Asistentes por exposición	1.905'6
Gasto liquidado	70.766,56 €
Gasto do Auditorio por asistente	7'4 €
Gasto neto do Auditorio por asistente	7'4 €

TÁBOA 25

Fonte: Auditorio de Galicia

Como xa indicamos, é a música a que máis espectadores achega, seguida polo cinema, as artes escénicas e as actividades didácticas.

O cinema é o que aporta un maior número de actividades, superando en volume á suma do resto das disciplinas artísticas.

O maior *ratio* de asistentes por actividade é o das artes visuais, a moita distancia das actividades que implican tomar asento nunha butaca. De entre estas últimas, son as actividades didácticas e musicais as que logran mellores rexistros, con máis de 300 espectadores por actividade, e a continuación as artes escénicas, con algo menos de 200.

No que respecta ao gasto liquidado polo Auditorio de Galicia, como adiantamos no primeiro apartado deste capítulo, máis dun 40% dedicouse ao cinema, un 24% ás artes escénicas e un 20% á música, cunha menor participación no gasto das artes visuais (5%) e das programacións didácticas (4%).

A maior recadación en billeteira prodúcese nos espectáculos de artes escénicas, máis do dobre que no cinema, e este por vez duplicando aos concertos musicais.

O Auditorio de Galicia gasta 20 € por cada espectador que asiste ás proxecións de cinema (18 € se lle restamos os ingresos por compra de entradas), algo máis de 15 € na música, e uns 7 € nas artes visuais. No caso das artes escénicas os notables ingresos vía venta de entradas permiten que o custe medio por espectador non acade os 7 €. As actividades con mellor proporción entre o número de espectadores e o custe total son as didácticas.

PRINCIPAIS PROGRAMACIÓNS CULTURAIS DO AUDITORIO DE GALICIA


No seguinte gráfico mostramos unha relación das principais programacións do Auditorio de Galicia en función do gasto liquidado en 2017.

GRÁFICO 43

Fonte: Auditorio de Galicia

Se prescindimos das programacións regulares, que agrupan actividades moi dispares, os programas – eventos cun maior custe asignado en 2017 foron Cineuropa e Curtocircuíto.

Gasto liquidado por programación do Auditorio de Galicia (€)



ACTIVIDADE EN CINEUROPA 2017

	Nº proxeccións	Nº espectadores	% ocupación	Espectadores / proxección
Teatro Principal	97	13.014	37'8	134'1
Salón Teatro	95	6.738	25'9	70'9
Multicines Compostela	69	1.273	20'2	18'4
CGAC	35	749	8'7	21'4
Abanca	33	571	21'4	17'3
Númax	43	1.211	40'5	28'1
Auditorio de Galicia	1	913	91'5	913
Total	373	24.469		65'6

TÁBOA 26

Fonte: Auditorio de Galicia

Como podemos comprobar, en Cineuropa concéntrase a actividade na proxección de filmes, por contraste co que sucede con Curtocircuíto. Para o desenvolvemento desta programación, o Auditorio de Galicia destinou 362.084,41 € e ingresou por venta de entradas 65.074,00 €. O gasto neto do Auditorio de Galicia por espectador situouse nos 12'1 €.

ACTIVIDADE EN CURTOCIRCUITO 2017

	Nº actividades	Nº espectadores	Espectadores / actividade
Proxeccións	44	5.111	116'1
Concertos e DJ's	6	741	123'5
Actividades Formativas e Profesionais	11	648	58'9
Actividades Infantís e Xuvenís	2	274	137'0
Eventos	4	622	155'5
Performances	4	247	61'7
Exposición	1	344	344'0
TOTAL	72	7.987	110'9

TÁBOA 27

Fonte: Auditorio de Galicia

No caso de Curtocircuíto a programación está máis diversificada, con presenza doutras disciplinas artísticas e unha maior orientación pedagóxica. Para o desenvolvemento da súa edición en 2017, o Auditorio de Galicia destinou 215.370,75 € e ingresou por venta de entradas 6.313,00 €. O gasto neto do Auditorio de Galicia por espectador situouse nos 27'3 €.

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A continuación exporemos algúns datos básicos da actividade en 2017 da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela e da Real Filharmonía de Galicia.

A Banda Municipal de Santiago de Compostela é a principal unidade de creación / produción artística do Concello de Santiago, e unha parte central do seu programa de concertos transcorre nos espazos xestionados polo Auditorio de Galicia.

CONCERTOS DA BANDA MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN 2017

	Nº concertos	Asistentes	% ocupación	Nº asistentes / concerto
Auditorio de Galicia	9	2.197	71'4	244'1
Teatro Principal	23	6.766		294'2
Outros espazos	47	31.700 ¹⁶		674'5
TOTAL	7	40.663		514'7

TÁBOA 28

Fonte: Banda Municipal de Santiago de Compostela

A Real Filharmonía de Galicia non presenta dependencia orgánica do Auditorio de Galicia nin do Concello de Santiago, senón que se inscribe no organigrama do Consorcio de Santiago. Con todo, a súa sede é o propio edificio do Auditorio, onde desenvolve unha parte moi relevante da súa actividade anual. Por este motivo, e pola súa evidente importancia na vida cultural da cidade, consideramos de interese incorporar a seguinte información.

¹⁶ Dato estimado.

CONCERTOS DA REAL FILHARMONÍA DE GALICIA EN 2017

	Nº concertos	Asistentes	% ocupación	Nº asistentes / concerto
Auditorio de Galicia	32	22.471	70'4	702'2
Outros espazos da cidade	7	3.814		544'8
Outras cidades galegas	16	7.590		474'4
TOTAL	55	3		615'9

TÁBOA 29

Fonte: Real Filharmonía de Galicia

Se nos circunscribimos aos concertos na propia cidade, a RFG tería realizado 39, con 26.285 espectadores e unha media de 674 asistentes por concerto. Para 2018 podemos constatar un forte incremento dos concertos realizados fóra do municipio, que pasarían de 16 a 27.

CENTROS CÍVICOS

Neste apartado ocuparémonos en exclusiva da oferta de actividades culturais estables dos Centros Cívicos de Santiago durante as temporadas 2015-16 e 2018-19, ao non dispor de datos sobre as temporadas 2016-17 e 2017-18, nin tampouco sobre a afluencia de asistentes ás actividades.

Na temporada 2015-16 realizáronse un total estimado de 514¹⁷ actividades estables, repartidas en 34 Centros Cívicos, dos que 12 se localizaban no espazo urbano, 10 no espazo rururbano e 12 no espazo rural. Para a temporada 2018-19 están programadas un total de 647 actividades estables, a desenvolver en 40 Centros Cívicos, 12 ubicados no espazo urbano, 10 no espazo rururbano e 18 no espazo rural.

Con base ás estimacións para 2015-16 e as previsións de programación para 2018-19, o número de actividades estables tería medrado neste período nun 24'3%¹⁸. Segundo estas informacións, tamén se tería incrementado o número de espazos de programación, con seis novos locais na contorna rural.

GRÁFICO 44


Fonte: Concello de Santiago

Como se pode observar neste gráfico, semella que neste trienio se tivese logrado un maior equilibrio territorial na oferta de actividades estables, pasando dunha programación moi concentrada no espazo urbano (56'6% das actividades estables en 2015-16) e escasamente presente na contorna rural (9'4%) a outra cunha distribución máis equitativa, cun 42'2% das actividades estables no espazo urbano e un 19'8% no espazo rural.

17 A estimación resulta da multiplicación por 1'5 das 343 actividades estables realmente celebradas en dous trimestres da temporada, os únicos para os que dispomos de información (cada temporada componse de tres trimestres).

18 O número de horas ofertadas en actividades (neste caso inclúense actividades estables e puntuais) roldaría as 23.000 na temporada 2015-16 e as 29.000 na temporada 2018-19. Con todo, esta información non está suficientemente contrastada e debemos observala con cautela.


Actividades estables dos Centros Cívicos, por localizacións e temporadas (%)




No que respecta á temática das actividades, vemos como se produce unha diminución relativa das dedicadas á cultura e as artes (28'6% en 2015-16 e 24'9% en 2018-19) e as de orientación tecnolóxica (pasan de representar o 24'5% ao 20'2%), mentres medran as que propician a interacción social (do 10'2% ao 13'9%). As restantes categorías mudaron entre ambas temporadas, co cal non podemos establecer comparacións.

GRÁFICO 45

Fonte: Concello de Santiago

**Actividades estables dos Centros Cívicos 2015-16,
por temáticas (%)****GRÁFICO 46**

Fonte: Concello de Santiago

**Actividades estables dos Centros Cívicos 2018-19,
por temáticas (%)**

Na temporada 2018-19, os Centros Cívicos que están a ofertar un maior número de actividades estables son Conxo (85), Santa Marta (62), Vite (45), Amio (32), Castiñeiriño (29), Brañas de Andrés (28), Casa Agraria (27) e Pontepedriña (27). Nesta mesma temporada, o número de entidades colaboradoras

dos Centros Cívicos, entendidas como aquelas que propuxeron ou están a impartir actividades estables, son un total de 65. Máis da metade correspóndense coa suma de asociacións de veciños (26), asociacións culturais (9) e asociacións do campo da saúde (7).

NÚMERO DE ACTIVIDADES ESTABLES POR CENTRO CÍVICO 2018-19

Centros Cívicos (rural)	Nº	Centros Cívicos (rururbano)	Nº	Centros Cívicos (urbano)	Nº
Laraño	18	Conxo	85	Santa Marta	62
Villestro	15	Amio	32	Vite	45
Gracia	14	Castiñeiriño	29	Brañas de Andrés	28
Lavacolla	10	Casa Agraria	27	Pontepedriña	27
Bando	9	San Lourenzo	23	Fontiñas	20
Marrozos	9	Cancelas	15	Cidade Vella	19
Marantes	8	Romaño - Vista Alegre	14	Sar	18
Eixo - Bornais	6	A Rocha	13	Cardenal Quiroga	17
Nemenzo	6	Vidán	9	Ensanche	15
Peregrina	6	Falda do Pedroso (local)	2	Almáciga	10
Figueiras	5			Trisca	7
Verdía	5			A. V. Vista Alegre (local)	2
Aríns	4				
Busto	4				
Enfesta	3				
Grixa	3				
Fecha	2				
Lamascal	1				

TÁBOA 30

Fonte: Concello de Santiago

VALORACIÓN DOS AXENTES SOCIOCULTURAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Co obxecto de coñecer a percepción do sector cultural (entendido nun sentido amplo) sobre a situación da cultura no municipio, elaboramos un cuestionario de autocumprimentación, de tratamento anónimo, con 36 preguntas pechadas e 3 abertas. O cuestionario foi enviado a unha mostra non aleatoria de 322 profesionais, expertas e entidades culturais da cidade mediante un formulario electrónico xestionado desde unha plataforma web do Concello.

A confección da mostra respondeu ao intento de recoller a máxima pluralidade de visións, para o cal empregamos os seguintes criterios:

- Proximidade e coñecemento da realidade cultural de Santiago
- Xénero
- Tramos de idade
- Individuos / entidades
- Ámbitos: público / privado / social
- Sectores artísticos e creativos:
 - Música e industria discográfica
 - Artes escénicas
 - Cine e audiovisual
 - Libro, edición e bibliotecas
 - Artes visuais
 - Patrimonio
 - Sectores creativos (deseño, artesanía, publicidade, videoxogo e multimedia, arquitectura, gastronomía)
 - Outros sectores de actividade (servizos sociais, educación, igualdade, xuventude, turismo, comercio etc.)
- Perfil profesional:
 - Creación (artistas)
 - Xestión (xestoras culturais, directivas, produtores, editores)
 - Comunicación (xornalistas, críticos, divulgadoras)
 - Educación e investigación
 - Financiamento (público e privado)
 - Activismo

Das 322 persoas e entidades consultadas recibimos 236 respostas válidas, o que equivale a un 73'3%. Como xa adiantamos na introdución deste Informe, a media de respostas en cuestionarios de natureza similar en España (Fundación Alternativas e Fundación Contemporánea) rolda o 30 - 40%.

Das 236 respostas, 159 corresponden a individuos e 77 a persoas que contestaron o cuestionario en representación dalgunha entidade cultural.

Dos 159 individuos que cumprimentaron o cuestionario, un 40'9% son mulleres e un 59'1% homes.

A media de idade das persoas que responderon foi de 45'8 anos. Por tramos de idade, un 69'8% teñen entre 36 e 54 anos (ambos incluídos), un 17% son maiores de 54 anos e un 13'2% menores de 36 anos.

En canto a perfís profesionais, un 33'3% manifestou ser artista ou creador, un 59'1% ser xestor cultural, un 24'5% comunicador, un 32'7% traballar nos campos da educación e da investigación, un 15'7% no activismo e un 5% no financiamento cultural. Nesta cuestión existía a posibilidade de resposta múltiple, motivo polo cal a suma excede con moito o 100%, confirmando ademais o perfil multitarefa de boa parte das profesionais da cultura.

No que atinxe ao ámbito de acción, un 17'8% indicaron que operaban desde o ámbito asociativo, un 46'2% desde o ámbito privado e un 36% desde o ámbito público.

Por disciplinas (artísticas, creativas e outras próximas), están vinculados ás artes escénicas un 12'7%, ás artes visuais un 9'7%, ao cinema un 14%, ao mundo do libro e a edición un 8'9%, á música un 18'6%, ao patrimonio un 8%, a outros sectores creativos un 8% e a outros sectores de actividade (servizos sociais, educación, igualdade, xuventude, turismo, comercio etc.) un 19'9%.

Dada esta distribución de respostas, cremos que os resultados dan conta de forma suficiente da diversidade de posicións e miradas existentes no seo do sector cultural de Compostela. Para corrixir aqueles nesgos derivados da infrarrepresentación ou da sobrerrepresentación de certos segmentos, mostraremos tamén datos desagregados para cada un deles.


VALORACIÓNS CUANTITATIVAS DOS AXENTES

IMPORTANCIA DA CULTURA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

A continuación presentamos un gráfico coas puntuacións agregadas do primeiro bloque de preguntas, referente ao papel, relevancia e influencia da cultura en diferentes aspectos da vida local.

GRÁFICO 47

Como podemos comprobar as persoas e entidades consultadas concédennlle unha notable importancia á cultura (arredor dun 7) na vida local de Santiago, particularmente no atractivo para a poboación do resto de Galicia, na proxeción internacional da cidade e no turismo (tres aspectos ligados á imaxe), ademais de como factor de reforzo da identidade local. Por contraste pero tamén con puntuacións elevadas, consideran que ten unha relevancia menor no que afecta ao modelo urbanístico e á xeración de actividade económica e emprego.



**INDIQUE O GRAO DE IMPORTANCIA DA CULTURA
EN SANTIAGO DE COMPOSTELA
NOS SEGUINTE ASPECTOS**

	Artes escénicas	Artes visuais	Cine e audiovisual	Libro, edición e bibliotecas	Música	Outros sectores creativos	Outros sectores de actividade	Patrimonio	Total
No atractivo da cidade para a poboación do resto de Galicia	7,30	8,22	7,59	7,30	7,74	7,37	7,72	7,95	7,66
No atractivo turístico de Santiago para visitantes foráneos/as	6,55	8,09	7,28	7,25	7,19	7,05	8,00	7,95	7,43
Na economía local e o emprego	6,47	6,64	6,13	5,95	6,93	6,68	6,60	6,58	6,53
Respecto ao mundo educativo e da investigación	6,57	6,59	6,38	7,40	6,45	6,68	7,04	6,89	6,73
Cara á cohesión social da cidadanía de Santiago	6,87	6,87	6,68	6,55	7,26	7,47	6,85	6,89	6,94
Na identidade local e o orgullo de pertenza	7,00	7,50	7,03	6,60	7,77	7,16	7,72	7,00	7,32
No modelo urbanístico de Santiago	5,77	7,41	6,13	5,85	6,12	6,61	5,62	6,47	6,14
Na proxección internacional da cidade	6,53	7,73	7,56	7,35	7,30	7,26	8,21	7,53	7,48

TÁBOA 31

As valoracións varían significativamente en función do segmento que tomemos. Así, segundo disciplinas artísticas, as respostas que proveñen das artes visuais valoran en maior medida o impacto que a cultura ten no turismo (8'09) ou no modelo urbanístico (7'41) que as respostas das artes escénicas (6'55 e 5'77, respectivamente). De igual xeito, as respostas do sector musical sitúan nun 7'77 a influencia da cultura na identidade local e nun 6'93 na economía e no emprego, mentres que as do sector do libro só lle adxudican un 6'60 e un 5'95. Ao papel da cultura na proxección internacional da cidade, o grupo “outros sectores de actividade” concédelle un 8'21, mentres que o das artes escénicas quédase nun 6'53. En termos xerais, as maiores puntuacións proceden das artes visuais, o patrimonio e outros sectores de actividade, e as menores das artes escénicas e do libro.

**INDIQUE O GRAO DE IMPORTANCIA DA CULTURA
EN SANTIAGO DE COMPOSTELA NOS SEGUINTE ASPECTOS**

	Feminino	Masculino	Total
No atractivo da cidade para a poboación do resto de Galicia	7,52	7,63	7,59
No atractivo turístico de Santiago para visitantes foráneos/as	7,29	7,44	7,38
Na economía local e o emprego	6,68	6,25	6,42
Respecto ao mundo educativo e da investigación	6,84	6,62	6,71
Cara á cohesión social da cidadanía de Santiago	7,23	6,83	6,99
Na identidade local e o orgullo de pertenza	7,34	7,26	7,29
No modelo urbanístico de Santiago	6,30	6,04	6,15
Na proxección internacional da cidade	7,56	7,28	7,40

TÁBOA 32
[Base: A título individual]

Tamén entre xéneros hai diferencias de valoración. Como podemos observar, as mulleres puntúan máis a importancia da cultura na economía local e o emprego, e na cohesión social da cidadanía de Santiago, e en conxunto consideran que a cultura ten un papel máis relevante na vida da cidade.

Outros contrastes salientables podémolos atopar por tramos de idade. As persoas menores de 36 anos puntúan cun 7'76 a importancia da cultura na cohesión social da cidadanía, moi por riba da media, e cun 8'24 a súa influencia na identidade local (neste último aspecto os maiores de 54 anos quédanse nun 6'63).


INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS CULTURAIS DA CIDADE

Neste segundo bloque preguntámonos por varios elementos transversais da oferta cultural da cidade (á marxe da programación) que atinxen tanto ás institucións públicas como ás entidades privadas ou ao tecido asociativo, como son o coidado e divulgación do patrimonio, o turismo cultural, a oferta educativa nas artes, os equipamentos existentes e o posicionamento dixital da cultura de Santiago. As valoracións medias son un punto máis baixas (arredor do 6) que no apartado anterior, o que semella indicar que sería necesario introducir melloras estruturais para que a cultura poida realizar todo o seu potencial en favor do desenvolvemento do municipio.

GRÁFICO 48

Encontramos os enfoques máis críticos no que respecta á esfera dixital, ao grao de maduración do turismo cultural, á oferta educativa nas artes e a cultura, e na investigación e divulgación do patrimonio, e apreciacións máis favorables na dimensión material, é dicir, no coidado e protección do patrimonio e na dotación de equipamentos culturais.

Acción dos axentes culturais públicos e privados en relación coas seguintes cuestións



Valore a acción que levan a cabo os axentes culturais públicos e privados en relación coas seguintes cuestións	Artes escénicas	Artes visuais	Cine e audiovisual	Libro, edición e bibliotecas	Música	Outros sectores creativos	Outros sectores de actividade	Patrimonio	Total
Oferta educativa nas artes e a cultura	5,48	5,52	5,78	6,57	5,88	5,14	6,52	5,79	5,93
Dotación de equipamentos culturais no municipio (públicos e privados)	6,10	6,18	6,08	7,35	6,28	6,85	7,11	6,79	6,57

TÁBOA 33

Atendendo á adscrición por disciplinas artísticas vemos como hai diferentes percepcións nas preguntas pola oferta educativa e a dotación de equipamentos. O sector do libro e da edición valora en maior medida a oferta educativa (6’57) que os “outros sectores creativos” (5’14) ou o mundo das artes escénicas (5’48) e visuais (5’52). Tamén o sector do libro puntúa moi por riba da media a dotación de equipamentos culturais (7’35), mentres que os rexistros máis baixos atopámoslos no cinema (6’08) e nas artes escénicas (6’10). Esta táboa pode estar a informarnos de situacións descompensadas segundo gremios, é dicir, que haxa déficits na oferta formativa e de equipamentos en determinadas disciplinas artísticas.

En función dos tramos de idade, as persoas de máis de 54 anos teñen unha mellor percepción sobre a oferta educativa e a dotación de equipamentos, as persoas máis novas son as máis críticas en canto á dotación de equipamentos e as de idades intermedias son as que menos puntúan a oferta educativa.

En termos de xénero, as mulleres valoran peor o posicionamento dixital da cultura (5’23) que os homes (5’73), así como o grao de desenvolvemento do turismo cultural (5’64 no caso das mulleres e 5’94 no dos homes). Por outra parte, os individuos teñen unha mellor impresión sobre o coidado e protección do patrimonio (6’96) que as entidades (6’51).

Valore a acción que levan a cabo os axentes culturais públicos e privados en relación coas seguintes cuestións	Ata 35 anos	De 36 a 54 anos	55 ou máis anos	Total
Oferta educativa nas artes e a cultura	5,94	5,81	6,36	5,93
Dotación de equipamentos culturais no municipio (públicos e privados)	6,29	6,55	7,08	6,62

TÁBOA 34


[Base: A título individual]

SITUACIÓN DOS AXENTES CULTURAIS

Neste apartado achegarémonos á situación dos axentes culturais da cidade, a comezar polos comportamentos culturais da cidadanía.

GRÁFICO 49

O que suscita unha mellor valoración é o momento creativo da escena local, mentres que os consumos, hábitos e prácticas culturais da cidadanía son percibidos nun grao máis baixo, superando lixeiramente o 6. En peor situación consideran que se encontra o tecido empresarial e o asociacionismo cultural, se ben neste tema as opinións difiren en función do ámbito ao que se pertenza: as persoas e entidades adscritas ao ámbito público teñen unha visión máis crítica que aqueles que responden desde o ámbito asociativo.



Valore a acción que leva a cabo o sector da cultura en relación coas seguintes cuestións

	Asociativo	Privado	Público	Total
Vitalidade do asociacionismo cultural do municipio	6,74	5,53	5,48	5,71
Dinamismo do tecido empresarial da cultura	6,21	5,50	5,34	5,56

TÁBOA 35

Así mesmo, as mulleres teñen unha percepción máis positiva que os homes acerca dos consumos, hábitos e prácticas culturais da poboación, cousa que semella lóxica cando todas as estatísticas culturais indican que se trata dunha actividade moi feminizada, cun diferencial por xénero moi acusado. Dito doutro modo, as mulleres son en termos xerais máis consumidoras e "practicantes" de cultura que os seus homólogos masculinos, como puidemos comprobar nun apartado anterior do Informe.

Valore o comportamento da poboación en relación con as cuestións seguintes	Feminino	Masculino	Total
Consumos culturais da poboación (compra de libros, discos, entradas para espectáculos etc.)	6,38	5,99	6,14
Hábitos e prácticas culturais da poboación (asistencia a museos ou bibliotecas, tocar un instrumento musical etc.)	6,64	6,10	6,31

TÁBOA 36
[Base: A título individual]

Tamén as persoas máis novas mostran unha maior valoración dos consumos, hábitos e prácticas culturais que aquelas de maior idade. E igualmente se nos referimos á vitalidade asociativa, ao dinamismo empresarial e ao momento creativo da escena local (neste último aspecto as diferencias cos maiores de 54 anos superan o punto e medio).

Valore o comportamento da poboación e o sector cultural en relación con as cuestións seguintes	Ata 35 anos	De 36 a 54 anos	55 ou máis anos	Total
Consumos culturais	6,72	6,09	5,93	6,14
Hábitos e prácticas culturais	6,78	6,34	5,93	6,31
Vitalidade do asociacionismo cultural do municipio	6,22	5,59	5,35	5,63
Dinamismo do tecido empresarial da cultura	5,82	5,23	5,35	5,33
Momento creativo da escena artística local	7,28	6,50	5,69	6,45

TÁBOA 37
[Base: A título individual]

Do mesmo xeito que nos apartados anteriores, a disciplina artística á que se pertenza semella un factor determinante á hora de valorar a situación dos axentes. E isto permítenos entrar na dimensión laboral do traballo en cultura, o aspecto que obtén as puntuacións máis baixas de todo o cuestionario. En termos xerais podemos afirmar que para a maioría das persoas e entidades o principal motivo de preocupación ou o problema máis destacado é o que atinxe ás condicións laborais precarias das creadoras e profesionais da cultura.

**Valore a acción que leva a cabo
o sector da cultura en relación
coas cuestións seguintes**

	Artes escénicas	Artes visuais	Cine e audiovisual	Libro, edición e bibliotecas	Música	Outros sectores creativos	Outros sectores de actividade	Patrimonio	Total
Vitalidade do asociacionismo cultural do municipio	5,50	5,43	5,43	5,71	6,34	5,79	5,70	5,50	5,71
Dinamismo do tecido empresarial da cultura	6,04	4,86	5,85	5,30	6,14	5,07	5,45	4,86	5,56
Momento creativo da escena artística local	6,64	6,48	6,29	5,76	7,43	6,57	6,23	5,79	6,47
Situación laboral de artistas e creativos/os	4,11	2,81	4,04	4,48	4,33	3,57	4,55	4,36	4,12

TÁBOA 38

As puntuacións máis altas en canto á vitalidade asociativa, o dinamismo empresarial e o momento creativo corresponde ao sector da música. As máis baixas repártense entre os sectores do patrimonio e das artes visuais. Tamén o sector do libro puntúa especialmente baixo o momento creativo, a máis de punto e medio do sector da música. En calquera caso, as peores valoracións en todos os sectores recíbeas a situación laboral das creadoras, con especial énfase no sector das artes visuais (2'81), de "outros sectores creativos" (3'57) e do cinema (4'04).


Podemos completar este mapa da precariedade engadindo que en termos de xénero son os homes quen peor valoran a situación laboral actual (3'73), así como as persoas de idades comprendidas entre os 36 e 54 (3'74) e as persoas e entidades que operan no ámbito privado (3'91).

LIÑAS DE APOIO DO CONCELLO DE SANTIAGO A OUTROS AXENTES CULTURAIS

Os seguintes apartados avaliarán a acción cultural do Concello de Santiago en catro grandes áreas: as liñas de apoio a outros axentes culturais, as características da oferta cultural municipal, os niveis de colaboración con outras institucións e colectivos e as medidas de fomento do acceso e da participación cultural da cidadanía. Comezamos pois polas liñas de apoio a terceiros.

GRÁFICO 50

As liñas de apoio do Concello de Santiago a axentes culturais reciben puntuacións moi próximas ao 5, as máis baixas do conxunto da acción cultural municipal. As sensacións melloran algo cando se trata das axudas e subvencións a iniciativas de base, e de feito nesta cuestión as respostas que proveñen do ámbito asociativo superan levemente o 6 (6'14).



Avalíe a acción pública do Concello de Santiago en relación coas axudas á promoción da cultura

	Asociativo	Privado	Público	Total
Axudas e subvencións a iniciativas culturais de base	6,14	5,09	5,53	5,44
Axudas e subvencións a artistas, empresas e profesionais	5,97	4,80	5,09	5,11
Medidas para o fomento da creación e o respaldo aos novos talentos	5,80	4,67	5,17	5,06
Medidas para o fomento do emprendemento cultural	5,94	4,56	5,10	5,00

TÁBOA 39

Como podemos observar, é o ámbito privado o que mostra unha maior disconformidade coas liñas de apoio do Concello, a gran distancia do ámbito asociativo, e moi en particular nas axudas ao emprendemento e ao fomento dos novos talentos.

Tamén se advirten grandes diferencias nas respostas se estas se enuncian a título individual ou en representación dunha entidade. Os individuos son en todas as preguntas máis críticos que as entidades, e en tres delas suspenden a acción do goberno local.

Avalíe a acción pública do Concello de Santiago en relación coas axudas á promoción da cultura	Individual	Entidade	Total
Axudas e subvencións a iniciativas culturais de base	5,17	6,02	5,44
Axudas e subvencións a artistas, empresas e profesionais	4,78	5,84	5,11
Medidas para o fomento da creación e o respaldo aos novos talentos	4,83	5,53	5,06
Medidas para o fomento do emprendemento cultural	4,78	5,48	5,00

TÁBOA 40

Por disciplinas artísticas, as mellores valoracións proveñen do sector musical, e as peores das artes visuais (suspenden as catro liñas), do cinema e doutros sectores creativos.

Avalíe a acción pública do Concello de Santiago en relación coas axudas á promoción da cultura	Artes escénicas	Artes visuais	Cine e audiovisual	Libro, edición e bibliotecas	Música	Outros sectores creativos	Outros sectores de actividade	Patrimonio	Total
Axudas e subvencións a iniciativas culturais de base	5,69	4,89	5,04	5,38	6,17	4,92	5,40	5,29	5,44
Axudas e subvencións a artistas, empresas e profesionais	5,42	4,33	4,88	5,30	5,35	4,54	5,26	5,21	5,11
Medidas para o fomento da creación e o respaldo aos novos talentos	5,08	4,32	4,56	5,21	5,62	5,15	5,13	5,00	5,06
Medidas para o fomento do emprendemento cultural	5,08	4,21	4,63	5,38	5,41	4,69	5,03	5,21	5,00

TÁBOA 41

Segmentando por perfís profesionais tamén podemos extraer conclusións de interese. As peores valoracións proveñen do perfil artístico (lixeiramente por baixo do aprobado en todas as liñas), particularmente nas axudas e subvencións a artistas, empresas e profesionais. Entre os xestores culturais puntúase por baixo da media as medidas para o fomento do emprendemento e as subvencións a iniciativas culturais de base.

Avalíe a acción pública do Concello en relación
coas axudas á promoción da cultura

	Creación	Xestión	Comunicación	Educación	Financiamento	Activismo	Total
Axudas e subvencións a iniciativas culturais de base	4,87	5,09	5,21	5,35	5,14	5,46	5,17
Axudas e subvencións a artistas, empresas e profesionais	4,32	4,83	5,13	4,91	4,29	4,78	4,78
Medidas para o fomento da creación e o respaldo aos novos talentos	4,64	4,84	4,91	4,92	4,43	4,88	4,83
Medidas para o fomento do emprendemento cultural	4,57	4,69	5,03	5,00	4,43	5,13	4,78

TÁBOA 42

[Base: A título individual]¹⁹

Tamén a xente máis nova (menores de 36 anos) é crítica neste apartado, especialmente nas liñas de fomento do emprendemento, que puntúan cun 4'22.

19 Resposta múltiple e base filtrada aos cuestionarios a título individual.

CARACTERÍSTICAS DA OFERTA CULTURAL DO CONCELLO


Neste bloque temático abordaremos a programación cultural do Concello de Santiago, o funcionamento da rede de equipamentos socioculturais e a profesionalidade na elaboración das políticas culturais.

GRÁFICO 51

No que atinxe á programación cultural do Concello, as valoracións sitúanse por riba do 6 na calidade e innovación, na diversidade e na descentralización da oferta de actividades, arredor do 7 se nos referimos á presenza de artistas mulleres e de artistas locais na grella de programación e superando o 8 no que respecta á presenza da lingua e a cultura galega (a maior puntuación do cuestionario). O funcionamento da rede de equipamentos socioculturais tamén é valorado cun 6, e o aspecto que rexistrou unha puntuación máis baixa é o grao de profesionalidade na elaboración das políticas culturais, é dicir, a disposición de ferramentas de diagnose, planificación e avaliación.

As persoas e colectivos pertencentes ao ámbito asociativo son os que expresan un maior grao de acordo coa programación municipal, mentres que as posicións máis críticas podémolas atopar desde o ámbito privado. Con todo, móvense en parámetros non moi distantes.

**Acción pública do Concello de Santiago
en relación coa programación e as infraestruturas**



Avalíe a acción pública do Concello en relación coa programación e as infraestruturas	Asociativo	Privado	Público	Total
O grao de calidade e innovación na programación cultural municipal	6,67	5,85	6,13	6,10
A diversidade da programación cultural municipal	6,86	6,13	6,41	6,36
Presenza da lingua e da cultura galegas na programación cultural municipal	8,25	8,26	8,00	8,17
Presenza e protagonismo das mulleres na programación cultural municipal	7,25	6,99	6,86	6,99
Presenza de artistas locais na programación cultural municipal	7,08	6,71	6,82	6,81
Descentralización da oferta cultural municipal nos barrios e parroquias	6,89	6,18	6,40	6,39

TÁBOA 43

Outro eixo significativo é o que distingue entre individuos e entidades. As entidades ofrecen maiores puntuacións que os individuos en todos os ítems excepto na pregunta sobre a presenza de mulleres artistas na programación, onde presentan rexistros similares. Precisamente nesa cuestión as mulleres mostran máis reservas que os homes (6'81 fronte a 7'12).

Por perfís profesionais, os artistas son quen valoran menos a calidade e a innovación na programación (5'65), e os xestores os que peor puntúan o grao de descentralización da oferta cultural (5'87).

Por idades, os maiores de 54 anos outórganlle un 5'96 á presenza de artistas locais na programación, en contraposición cos menores de 36 anos, que lle conceden un 6'78. Xustamente neste mesmo tema hai disparidade de opinións por disciplinas artísticas.

Presenza de artistas locais na programación cultural municipal	Media
Artes escénicas	6,56
Artes visuais	5,63
Cine e audiovisual	6,61
Libro, edición e bibliotecas	6,95
Música	7,08
Outros sectores creativos	7,08
Outros sectores de actividade	7,15
Patrimonio	7,14
Total	6,81

TÁBOA 44

Como podemos comprobar, os sectores da música, patrimonio, libro, outros sectores creativos e outros sectores de actividade manifestan unha satisfacción superior á media nesta cuestión, mentres que os axentes das artes escénicas, do cine e especialmente das artes visuais teñen unha peor impresión. Lembremos que o sector das artes visuais é o que sostivo unha posición máis crítica en canto á situación laboral dos artistas e en canto ás axudas municipais a axentes culturais.

En canto ao funcionamento da rede de equipamentos socioculturais, é percibido dun xeito diferente por mulleres e homes.

Avalíe a acción pública do Concello en relación coa programación e as infraestruturas	Feminino	Masculino	Total
Funcionamento da rede de equipamentos socioculturais municipais	6,12	5,66	5,84

TÁBOA 45


Por último, só indicar que no referido ao grao de profesionalidade e rigor na elaboración das políticas culturais locais, os perfís profesionais máis críticos son os xestores e os artistas, cunha puntuación de 5'45.

COLABORACIÓN DO CONCELLO CON OUTROS AXENTES

En canto ao hábito e intensidade da colaboración do Concello de Santiago con outras entidades, as respostas tamén oscilan arredor dos 6 puntos, se ben percíbese unha maior cooperación co tecido asociativo e con outras administracións públicas que co mundo educativo ou os axentes privados.

GRÁFICO 52

En termos xerais son as mulleres as que valoran máis positivamente este tema, especialmente en canto ao grao de colaboración do Concello co mundo educativo e coas outras administracións públicas. Nas outras dúas preguntas as puntuacións están máis próximas ás dos homes.



Avalíe a acción pública do Concello en relación coa cooperación entre os distintos axentes culturais

	Feminino	Masculino	Total
Con outras administracións públicas (Consortio, Xunta, Estado, Unión Europea)	6,16	5,77	5,93
Co mundo da educación e a formación (primaria, secundaria, Universidades)	5,98	5,53	5,71
Con entidades privadas, empresas, fundacións (SGAE, Abanca, Barrié) etc.	5,80	5,58	5,67
Con asociacións culturais e veciñais e outras entidades sen ánimo de lucro	6,25	6,05	6,13

TÁBOA 46

[Base: A título individual]

Por disciplinas artísticas, é o sector da música o que percibe unha maior cooperación do Concello con terceiros axentes, e o do cinema, o que menos. As entidades valoran máis a colaboración do Concello con axentes privados, empresas e fundacións (5'97) que os individuos (5'67).

ACCESO E PARTICIPACIÓN CULTURAL DA CIDADANÍA

Este último apartado cuantitativo está dedicado ás medidas que o Concello de Santiago implementa para facer chegar os contidos culturais á cidadanía e para propiciar a súa participación no feito creativo.

GRÁFICO 53

As tres cuestións propostas son puntuadas cun 6. Se o desagregamos por segmentos, veremos como as activistas e as profesionais da comunicación son quen mellor valoran a estratexia de comunicación do Concello, mentres que as xestoras culturais asígnanlle unha puntuación por baixo da media.

Comunicación da oferta cultural municipal	Media
Creación	5,98
Xestión	5,76
Comunicación	6,47
Educación	5,75
Financiamento	5,00
Activismo	6,57
Total	6,05

TÁBOA 47

[Base: A título individual]

Acción pública do Concello de Santiago en relación coa cidadanía



Por tramos de idade, son as persoas menores de 36 anos as que manifestan unha visión máis crítica coa comunicación cultural do Concello, cun 5'56. Por contra, os maiores de 54 anos gardan mellor opinión (6'50).

En canto ás medidas para facilitar o acceso, só apreciamos diferencias relevantes entre os individuos, que as puntúan cun 6'20 e as entidades, cun 5'77.

Finalmente, nas vías de fomento da participación cultural, as mulleres teñen unha visión máis positiva que os homes (6'31 fronte a 6'05).

VALORACIÓNS CUALITATIVAS DOS AXENTES

PRINCIPAIS ACONTECEMENTOS CULTURAIS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

No primeira das preguntas abertas do cuestionario pedímoslle ás persoas e entidades consultadas que indicasen, ao seu xuízo, cales foran os tres acontecementos culturais da cidade máis destacados do último ano, solicitándolles ademais que os clasificasen por orde de importancia. En total foron sinaladas 81 actividades, das que 31 obtiveron máis dunha mención. Se eliminamos aquelas respostas máis xenéricas, tipo “concertos”, “exposicións de arte” ou “outros”, e seleccionamos as que foron mencionadas ao menos dúas veces, obteremos a seguinte listaxe de actividades.

ACONTECEMENTOS CULTURAIS DO ANO	MENCIONS
Cineuropa	75
Programación do Apóstolo - O Apóstolo das Mulleres	40
Son do Camiño	39
Curtocircuíto	21
Wos Festival	20
SELIC	18
Pórtico da Gloria (restauración / inauguración / visitas)	16
Festa do Banquete de Conxo	13
Feito a Man	11
Festas da Ascensión	11
Concertos da Real Filharmonía de Galicia, en xeral	9
Concerto de Rubén Blades	8
Exposicións CGAC / Aniversario	7
Programación Númax	5

Concerto de Sumrrá coa Real Filharmonía de Galicia	5
Womex ²⁰	5
Exposición Mestre Mateo	4
Escenas do Cambio	4
Festival de Poesía “Alguén que respira”	3
Música en Compostela	3
Programación no Teatro Principal, en xeral	2
Exposición Catalá - Roca	2
Programación do Auditorio de Galicia, en xeral	2
De Lugares e Órganos	2
Exposición “A derradeira lección do mestre” / Exposicións sobre Castelao	2
Foliada no Gaiás	2
Liñas de axuda económica / Maiores orzamentos	2
Outono Códax	2

TÁBOA 48

20 A última edición de Womex en Compostela celebrouse en 2017

Destes 28 acontecementos, 12 corresponden a actividades musicais, 4 a artes visuais, 3 a cine e audiovisual, 3 a festas, 2 a artes escénicas, 2 a libro e creación literaria, 1 a patrimonio e 1 a “outras” (liñas de apoio a axentes culturais).

Se ademais do número de mencións atendemos ao criterio de xerarquización que as persoas e colectivos indicaron, é dicir, á gradación en importancia de cada actividade (primeiro, segundo ou terceiro posto), entón debemos establecer algún baremo de ponderación. Se lle asignamos 3 puntos a cada resposta en primeiro lugar, 2 puntos a cada resposta en segundo lugar e 1 punto ás respostas que ocuparon o terceiro lugar, entón obteremos a seguinte clasificación.

	CLASIFICACIÓN PONDERADA DE ACTIVIDADES	PUNTOS
1º	Cineuropa	169
2º	Programación do Apóstolo - O Apóstolo das Mulleres	93
3º	Son do Camiño	92
4º	Pórtico da Gloria (restauración / inauguración / visitas)	45
5º	Wos Festival	37
6º	SELIC	34
7º	Curtocircuíto	33
8º	Festa do Banquete de Conxo	27
9º	Feito a Man	20
10º	Festas da Ascensión	19

TÁBOA 49

PRINCIPAIS DEBILIDADES E FORTALEZAS DA CULTURA EN SANTIAGO

Na segunda das preguntas abertas pedimos que enunciásemos as tres principais debilidades e as tres principais fortalezas da cultura en Santiago. Cumprimentaron este apartado un total de 134 persoas e/ou entidades, quen nos trasladaron 334 debilidades e 361 fortalezas. Agrupamos todos os comentarios en diferentes bloques temáticos para poder calibrar o peso relativo das diferentes opinións.

PRINCIPAIS DEBILIDADES DA CULTURA EN SANTIAGO	MENCÍONS
Mala coordinación entre axentes, entidades culturais e administracións	47
Comunicación / promoción / difusión deficiente	30
Turismo masivo, de pouca calidade, mal integrado / Excesiva orientación ao Xacobeo	28
Mala planificación / Falla de estratexias a longo prazo	21
Infrautilización de recursos patrimoniais e uso mellorable dos espazos	20
Localismo / Perda de proxección internacional	19
Falla de calidade / innovación / creatividade na oferta cultural	18
Dificultades de acceso da cidadanía e inclusión cultural	18
Orzamentos insuficientes / Falta de apoio institucional	17
Programación excesivamente atomizada / estacional	16
Precariedade laboral (baixa remuneración, retrasos nos pagamentos, intrusismo...)	11
Lei de espectáculos / Lexislación deficiente / Trámites administrativos	10
Escasa participación e implicación cidadá	10
Pouca iniciativa privada / Excesiva dependencia do sector público	9
Uso da cultura na loita partidista (prensa, non continuidade de políticas entre lexislaturas...)	9

Programación pouco variada / endogámica	8
Carencias na oferta cultural (música / artes visuais / teatro)	8
Despilfarro / Mala xestión	8
Empeoramento na situación do tecido cultural (crise económica, xestión anterior...)	7
Outros	6
Pouca oferta en galego / cultura local	5
Pouca oferta infantil / familiar	4
Cidade da Cultura de Galicia (mal uso / xestión)	3
Elitismo / esnobismo	2

TÁBOA 50

Como podemos observar, as tres ideas máis recorrentes son as que atinxen á falla de coordinación entre os axentes culturais da cidade, á deficiente comunicación da oferta cultural e aos impactos negativos, mesmo en termos de identidade local, que se derivan do turismo masivo. Esta última postura semella antagónica con aquela outra que reclama unha maior proxección internacional, con máis actividades orientadas aos visitantes e un mellor aproveitamento das sinerxías entre cultura e turismo. Ambas sensibilidades conviven.

Tamén detectamos dúas visións aparentemente contrapostas entre os que pensan que a programación é demasiado dispersa e falta duns principios reitores ou liñas estruturais e os que consideran que o problema é a escasa variedade e a insistencia no mesmo perfil de actividades, cos mesmos artistas e para os mesmos públicos.

Neste sentido, e de cara a diversificar a programación desde os alicerces propios de Santiago, varias persoas propoñen unha maior colaboración entre o Concello e a USC para a promoción da cultura humanística e científica e para conectar ao estudantado coa vida cultural da cidade. Ou o impulso de programas centrados na posta en valor do patrimonio local. Ou o deseño de proxectos que fomenten a cultura de base.

Outra das ideas máis repetidas ten que ver co ámbito da xestión cultural. Proponse que se implanten ferramentas de planificación estratéxica e avaliación das políticas, que se creen unidades administrativas específicas e transversais para proxectos culturais, que se facilite a formación dos axentes culturais en clave profesional e que se constitúan novos espazos de produción e experimentación creativa.

PRINCIPAIS FORTALEZAS DA CULTURA EN SANTIAGO	MENCIONS
Patrimonio artístico / Cidade cultural	67
Diversidade e descentralización cultural (institucións, artistas, oferta, barrios)	53
Poboación ilustrada e dinámica	40
Infraestrutura e equipamentos	32
Cultura popular, participación e tecido asociativo	29
Internacionalidade - promoción turística	28
Potencial creativo dos profesionais / Recursos humanos	24
Capitalidade autonómica e centralidade xeográfica	23
Universidade	21
Identidade galega (cultura e lingua)	18
Camiño de Santiago / cidade xacobeá	13
Formación artística e cultural (xestión, escolas, artistas)	11
Outros	2

TÁBOA 51

A fortaleza máis valorada (ou ao menos a máis citada) ten que ver coa densidade cultural de Santiago e a súa abundancia de artistas e institucións, se ben tamén se fai énfase na tradición de consumos culturais que deriva da estrutura económica da cidade e do peso dos organismos públicos (Xunta, USC) e do funcionariado.

Outro dos aspectos salientados é a existencia dunha escena cultural alternativa que xurdiu hai varias décadas pola confluencia de xentes moi diversas (Santiago como punto de encontro e cruce de culturas), e que se mantén viva grazas ao activismo de bares, salas e outros espazos non institucionais de programación.

Tamén se fai alusión á morfoloxía da cidade, con amplas zonas verdes e de convivio e áreas de prioridade peonil que favorecen o encontro cultural.

COMENTARIOS E SUXESTIÓNS DOS AXENTES SOCIOCULTURAIS DE SANTIAGO

A última das preguntas abertas (e do cuestionario) daba a opción de achegar algún comentario libre, coa temática e o enfoque que cada quen considerase oportuno. Recibimos un total de 42 comentarios, todos eles de interese. A continuación mostraremos sintetizadas aquelas reflexións e propostas singulares que non foron xa apuntadas no apartado anterior (debilidades e fortalezas).

Proposta de reabertura do cine Yago e de transformación da gardería da Alameda en espazo cultural, ao modo do Quiosco Alfonso da Coruña.

Demanda dunha liña de axuda económica específica para as asociacións galegas profesionais da cultura e das artes con sede en Santiago.

Solicitude dunha mellor conexión por internet no casco histórico e medidas para apoiar a implantación de actividades artísticas e artesanais na zona.

Tomar exemplo do modelo de Málaga para o desenvolvemento cultural do municipio.

Demanda dunha maior dotación técnica para os Centros Cívicos.

Integración na web de Compostela Cultura de toda a programación cultural do municipio e non exclusivamente a do Concello.

Proposta dunha maior participación da cidade en foros europeos e conexión con outras capitais do continente.

Reflexión sobre a mutación da base económica da cidade (do maior peso da Universidade ao das administracións públicas, e de aí ao turismo) como un factor central á hora de deseñar novas políticas culturais.

Suxestión dalgunhas liñas forza que deberan guiar a política cultural, como o carácter histórico e relixioso da cidade, o seu papel como porta de entrada e representación de Galicia (lingua, música folk, gastronomía) e a necesidade de agrupar as actividades culturais baixo ciclos / xornadas / programacións con identidades ben definidas.

Proposta de mellora da sinalética da cidade que permita distribuír o fluxo de visitantes nun perímetro máis amplo que as prazas que rodean a Catedral. Parcialmente ligado con isto, necesidade da elaboración de unidades didácticas e materiais informativos para o turismo cultural baseados na historia e no patrimonio de Santiago.

Solicitude dunha oferta máis ampla de residencias artísticas, encontros profesionais e axudas á formación.

Valoración especial dalgunhas boas prácticas culturais da cidade, como Númax, Unitaria ou a Festa do Banquete de Conxo.

A MODO DE SÍNTESE

Neste capítulo final sintetizaremos as principais conclusións extraídas dos datos recollidos ou xerados no Informe Anual da Cultura 2018.

A cultura ten un peso económico determinante na comarca de Santiago: 5'2% do PIB. De feito é a comarca de Galicia na que ten unha maior incidencia relativa, a distancia do Salnés (3'9% do PIB), Pontevedra (3'1%) ou A Coruña (2'9%). Na comarca de Santiago concéntrase un 16'3% do Valor Engadido Bruto do sector cultural en Galicia.

A cultura achega 1.241 afiliacións á Seguridade Social no Concello de Santiago, un 3'2% do total de afiliacións do municipio, e 422 empresas, un 4'4% do total de empresas locais. En perspectiva autonómica, supón un 9'5% das afiliacións culturais de Galicia e un 11'7% das empresas culturais galegas, por só un 3'5% da poboación e un 4% das empresas do país. O perfil predominante nas empresas culturais de Santiago, ao igual que nas galegas, é o de entidades de pequena dimensión (un 93'6% dispoñen de entre 0 a 5 asalariados).

O gasto en cultura do Concello de Santiago situouse en 2016 en 9 millóns de euros, un 9'5% do gasto total liquidado pola administración local e unha media de 94 € por habitante e ano. Santiago é, xunto á Coruña, a cidade galega que máis inviste en cultura, e ocupa as posicións máis altas na comparativa con outras cidades españolas de similares características. O gasto municipal en cultura acadou o seu pico máximo en 2009, véspera do ano Xacobeo, para experimentar desde entón unha tendencia decrecente, en liña cos recortes en cultura aplicados por todas as administracións públicas galegas durante a crise económica. Nas anualidades de 2017 e 2018 aprobáronse uns orzamentos en cultura que implican un incremento do 13'4% a respecto do gasto cultural de 2016, até superar hoxe os 10 millóns de euros. Os principais destinos do gasto en 2018 foron a Rede de Centros Cívicos, a administración xeral da cultura, a Banda Municipal de Santiago de Compostela, os festexos e a protección do patrimonio histórico-artístico, todos eles por riba do millón de euros.

Na última década houbo desde o Concello de Santiago unha aposta moi relevante polas subvencións nominativas a entidades culturais e un uso esporádico das subvencións en concorrència competitiva para o tecido asociativo, profesionais e empresas da cultura. En 2009 destinábanse máis de medio millón de euros a subvencións nominativas, cifra que foi decaendo até 2013, para a continuación mostrar unha certa estabilidade na contorna dos 240.000 €. Entrementes, só se convocaron subvencións competitivas en 2008, 2009 e 2016, por valor de entre 40 e

50.000 €, e para o bienio 2018-19, cun importe anual de 150.000 € (o triplo que nas edicións anteriores).

Dos visitantes a Santiago en 2017, un 35'1% asistiron a algún centro cultural e un 14% a algunha actividade cultural. Estas porcentaxes supoñen un incremento substancial (10 puntos e 5 puntos respectivamente) a respecto da tónica habitual desde 2012. Con todo, menos dun 1% dos visitantes viñeron a Santiago coa motivación principal de asistir a un evento cultural, feito que denota que existe marxe de mellora no papel que a programación cultural da cidade pode xogar na atracción turística e na prestación dun servizo de calidade ao visitante. Por outra parte, os visitantes manifestan un elevado grao de satisfacción a respecto dos museos e da oferta cultural (4'2 sobre 5), pero menor que a que lle atribúen ao conxunto da súa experiencia na cidade.

A peregrinación a Santiago viviu unha formidable expansión entre os anos 2008 e 2018, multiplicando o número de peregrinos por 2'6 e superando a cifra dos 325.000. Dous dos fenómenos máis salientables a este respecto son os da feminización (as peregrinas xa representan o 50%) e da internacionalización (os peregrinos estranxeiros supoñen o 56% do total).

No municipio de Santiago hai 86 editoras, un 18'1% das galegas, que en 2017 publicaron 357 libros impresos, un 19'9% do total de Galicia. Aproximadamente dous terzos dos libros foron publicados en lingua galega e unha cuarta parte en castelán. O número de libros editados experimentou un forte descenso entre 2010 e 2013, unha recuperación en 2014 e presenta certa continuidade desde entón arredor dos 500 títulos.

O concello dispón de 23 puntos de servizo de bibliotecas, 5 deles inscritos na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e 18 na Biblioteca Universitaria da USC. A meirande parte da actividade bibliotecaria da cidade (usuarios, visitas, préstamos) é a que se deriva da Universidade. Por contraste, a actividade das bibliotecas públicas non universitarias é moi inferior á rexistrada nas outras cidades da provincia.

Dentro do mesto panorama museístico de Santiago destaca en número de visitas o Museo da Catedral de Santiago, con 215.000, cifra superior á suma conxunta dos catro seguintes museos (CGAC, Museo Centro Gaiás, Museo do Pobo Galego e Museo das Peregrinacións e de Santiago). O número de visitas a museos da cidade incrementouse nun 16'5% entre 2016 e 2017.

Entre os anos 2002 e 2017 realizáronse 515 rodaxes cinematográficas en Compostela, a cargo de empresas e institucións de 28 países. Na última década rexistrouse un promedio anual de 30 rodaxes a mans de equipos de 8 nacionalidades.

Entre a poboación da área xeográfica conformada polas comarcas da Barcala, Sar e Santiago, os principais hábitos culturais son “escoitar música, ver películas, series, documentais” cun 88'1% e a lectura cun 58'4%. As prácticas culturais máis destacadas son as artes plásticas (“pintura, debuxo, fotografía, vídeo...”) cun 13'6%, as actividades musicais (“tocar un instrumento, cantar nun coro...”) cun 5'5% e as artes escénicas (“ir a baile, facer teatro...”), tamén cun 5'5%. En canto ás actividades culturais ás que asistiron no último ano, un 67'8% cita as festas populares, verbenas e orquestras, un 42'4% os espectáculos musicais, un 40'2% os museos, exposicións e arquivos, e un 33'1% as funcións de teatro, monicreques, contacontos ou circo. As mulleres presentan hábitos e prácticas culturais superiores aos homes, en particular na lectura e na práctica das artes escénicas.

Aproximadamente un 32% da poboación destas tres comarcas le máis dunha vez á semana e un 30% de forma máis esporádica. A lectura é un hábito máis frecuente entre as persoas de curta idade (85% en menores de 15 anos) que entre a poboación maior (30% en maiores de 64 anos). Entre os anos 2006 e 2014 medraron os índices de lectura habitual (varias veces á semana), pasando dun 23% a un 32%. Arredor dun 10% das persoas fai un uso regular (semanal ou mensual) das bibliotecas, un 21% de xeito máis ocasional e un 69% nunca as utiliza. Entre 2006 e 2014 diminuíu o uso das bibliotecas ao pasar dun 39% a un 31'6% da poboación.

Santiago de Compostela era en 2013 a cidade na que máis se falaba galego en exclusiva (29'1%) e a segunda tras Lugo se agrupamos o uso exclusivo co uso máis frecuente (46'9%). Entre 2008 e 2013 asistimos a unha maior polarización lingüística, cun ascenso de 8 puntos dos falantes en exclusiva en galego e de 5'6 puntos dos falantes en exclusiva en castelán. Con todo, o uso habitual da lingua galega (uso exclusivo e uso máis frecuente) mingou nese período en 5 puntos, en liñas coas restantes cidades galegas. Preto dun 90% da poboación de Santiago sabe falar moito ou bastante en galego, a proporción máis alta das cidades do país. Tamén é a cidadanía de Santiago á que máis lle gustaría dispor de maiores contidos en galego nos medios de comunicación, particularmente na prensa (62'4%) e na televisión (61'6%).

O Auditorio de Galicia, principal organismo xestor da programación cultural do Concello de Santiago, organizou en 2017 un total de 792 actividades (máis de dúas por día), ás que asistiron 131.779 espectadores, cunha media de 181 persoas

por actividade. O gasto liquidado total do Auditorio foi de 2'8 millóns de euros, dos que o 47'8% se destinaron á organización de actividades culturais. Por disciplinas artísticas, o Auditorio incorreu nun gasto neto de 18 € por asistente a proxeccións de cinema, 15'5 € por asistente a concertos musicais (6'4 € se se inclúen os concertos da Real Filharmonía de Galicia), 7,4 € por asistente a exposicións, 6'3 € por asistente a funcións de artes escénicas e 1'9 € por asistente a actividades didácticas. Os programas – eventos cun maior investimento do Auditorio de Galicia foron Cineuropa, a programación regular de teatro e Curtocircuíto. Entre os tres suman un 61'5% do gasto liquidado polo Auditorio na organización de actividades culturais. Por espazos, no edificio do Auditorio de Galicia a taxa de ocupación media anual foi do 67'2%, con 521 persoas por actividade, e no Teatro Principal foi dun 43'4%, con 166 persoas por actividade. A taxa de retorno económico, é dicir, a recadación en billeteira a respecto dos recursos investidos polo Auditorio nas actividades culturais, foi dun 19'6%.

En 2017 a Banda Municipal de Santiago de Compostela realizou 79 concertos na cidade, cunha estimación de 40.663 espectadores e unha media de 515 asistentes por concerto. Nese mesmo ano a Real Filharmonía de Galicia realizou 39 concertos na cidade, cun total de 26.285 espectadores e unha media de 674 asistentes por concerto.

Os axentes socioculturais de Santiago coinciden en atribuírle á cultura unha notable importancia (7 puntos) no devir da vida local, en particular no atractivo que implica para a poboación do resto de Galicia, na proxección internacional da cidade e no turismo (é dicir, en termos de imaxe ou marca), ademais de servir como reforzo da identidade local. Menores son as puntuacións que lle asignan ao seu impacto na actividade económica e no emprego, percepción que contrasta cos datos das estatísticas oficiais que expuxemos con anterioridade. Ben é certo que as respostas difiren significativamente en función do xénero e das disciplinas artísticas. As mulleres concédenlle maior importancia funcional á cultura, moi en particular na súa vertente económica e como factor de cohesión social. As persoas e colectivos adscritos ás artes visuais e ao patrimonio puntúan máis alto este ítem que o sector das artes escénicas e do libro.

As infraestruturas e os servizos culturais da cidade semellan aceptables para a maior parte dos axentes, con valoracións que roldan os 6 puntos. Con todo, a distancia dun punto a respecto do papel da cultura na vida local semella indicar que cómpre tomar medidas correctoras, sobre todo nos servizos, para que a cultura poida realizar todo o seu potencial en favor do desenvolvemento do municipio.

Suscitan as apreciacións máis favorables os aspectos materiais, como o coidado e protección do patrimonio ou a dotación de equipamentos. Nun chanzo inferior teríamos a investigación, coñecemento e divulgación do patrimonio, a oferta educativa en arte e cultura, e o grao de desenvolvemento do turismo cultural. A puntuación máis baixa recíbea o posicionamento dixital da cultura de Santiago.

En canto á situación dos axentes, percíbese un bo momento creativo da escena local, uns aceptables consumos, prácticas e hábitos culturais da poboación, unha peor circunstancia do tecido asociativo e sobre todo das empresas, e unhas malas condicións laborais de artistas e creativos (o aspecto que recibe a puntuación máis baixa de todo o cuestionario e onde se identifica o principal problema). Trazando un perfil tipo, serían os homes de mediana idade (36 a 54 anos) que traballan nas artes visuais desde o ámbito privado quen manifestan unhas posicións máis críticas ao respecto.

As liñas de apoio do Concello de Santiago a outros axentes reciben un aprobado básico (5), a valoración máis baixa do conxunto da acción cultural municipal. Neste marco, as subvencións a iniciativas culturais de base son lixeiramente mellor puntuadas que as axudas a artistas, empresas e profesionais, as medidas para o respaldo dos novos talentos e as liñas de fomento do emprendemento en cultura. A maior desconformidade coas liñas de apoio do Concello é a expresada polas persoas e entidades do ámbito privado, e a mellor opinión, a que se manifesta desde o ámbito asociativo. Neste caso o perfil tipo das posicións máis críticas sería o dun individuo (muller ou home) menor de 36 anos e que traballa como artista ou xestor cultural nas artes visuais e/ou no cine desde o ámbito privado.

A programación cultural do Concello de Santiago é mellor valorada que as súas liñas de apoio a outros axentes. Supera levemente o 6 en canto á súa calidade e/ou innovación, á diversidade da oferta e á descentralización en barrios e parroquias, roldando o 7 se falamos da presenza da muller e dos artistas locais na programación, e rebasando o 8 en canto á presenza da lingua e da cultura galega. O funcionamento da rede de equipamentos socioculturais está peor considerado, e tamén se detectan carencias a respecto da profesionalidade e rigor na elaboración das políticas culturais locais. De novo é desde o ámbito asociativo onde máis se valora a programación e no ámbito privado onde se recollen as puntuacións máis baixas. No que atinxe á presenza de artistas locais, os máis críticos son os sectores das artes visuais, das artes escénicas e do cine, e os máis favorables os sectores da música e do libro e a edición.

O grao de colaboración do Concello con outras institucións e entidades tamén se considera aceptable (6), se ben as puntuacións son maiores cando se refire á colaboración co tecido asociativo da cidade e con outras administracións públicas que co mundo educativo ou coas entidades privadas. Neste bloque temático son as mulleres e o sector da música quen mostran unha mellor percepción.

A estratexia de comunicación do Concello tamén recibe un 6, dándose a circunstancia de que son as profesionais da comunicación quen mellor a valoran. En canto ás medidas para facilitar o acceso á cultura da cidadanía e a súa participación no feito creativo, tamén son puntuadas cun 6.

Para as persoas e colectivos consultados, os acontecementos culturais máis destacados do último ano foron: o festival Cineuropa, a programación das Festas do Apóstolo – O Apóstolo das Mulleres, o festival Son do Camiño, o remate da restauración e a abertura ao público do Pórtico da Gloria, o WOS Festival, a feira SELIC (Semana do Libro de Compostela), o festival Curtocircuíto, a Festa do Banquete de Conxo, o festival Feito a Man e as Festas da Ascensión.

No que atinxe ás principais debilidades da cultura en Santiago, recóllese un espectro moi amplo de temas, se ben despuntan tres: a escasa coordinación entre os axentes culturais da cidade, as deficiencias na comunicación da oferta cultural e os impactos negativos derivados do turismo masivo. Tamén hai numerosas referencias á xestión cultural: planificación, usos dos espazos, programación, normativas, canles de acceso da cidadanía á cultura etc. Entre os distintos comentarios atópanse posicións aparentemente antagónicas: mentres unhas persoas denuncian a perda de proxección internacional da cidade, outras reclaman unha oferta cultural máis orientada á poboación residente.

Entre as principais fortalezas destácanse o carácter patrimonial de Santiago e o seu rol como capital cultural de Galicia (non só política ou administrativa), a densidade do tecido cultural, con abundante presenza de artistas e institucións, e unha base social e asociativa moi viva e dinámica. Outras das fortalezas indicadas son a dimensión internacional da cidade, o papel da Universidade e a lingua e a cultura galega.

ANEXO METODOLÓGICO

INTRODUCCIÓN

DEMANDA INICIAL

A comezos de 2018 a Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago encomendounos un labor de consultaría consistente en sentar as bases para a creación dun sistema estable de recolla, produción e difusión de datos culturais municipais. O primeiro paso consistiría na redacción dun informe no que se recompilasen aqueles datos cuantitativos dispoñibles en fontes abertas e gratuítas. O obxectivo expreso desta solicitude era dispor dunha ferramenta para a mellora da acción política municipal que permitise incrementar a transparencia na xestión e facilitar a avaliación interna e social das políticas culturais locais.

A demanda concretouse na elaboración de dous documentos: o Informe Anual da Cultura en Santiago 2018 e un informe previo (titulado Informe Intermedio) no que se mostrase un avance de contidos do Informe Anual, así como un conxunto de recomendacións para a creación a medio prazo do sistema de recolla, produción e difusión de datos culturais municipais (de agora en diante Sistema de Información Cultural). Este Anexo Metodolóxico é un extracto da información recollida no Informe Intermedio.

ANTECEDENTES

Nas últimas dúas décadas o Concello de Santiago impulsou diversas iniciativas para a ordenación sistemática da súa información estatística:

Anuarios Estadísticos do Concello de Santiago (1999 - 2010)

Observatorio Estadístico (2010 e 2011) http://www.santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=3886&lg=gal

Observatorio Urbano (2012 - 2015) http://www.santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=9455&lg=gal

Os Anuarios Estadísticos do Concello de Santiago son froito do labor desempeñado pola Oficina de Estatística municipal e publicáronse en papel desde 1999 até 2010. O Observatorio Estadístico, perfilado en 2008 pero implementado entre 2010 e 2011, supuxo unha evolución dese modelo ao posibilitar o acceso dixital á información, ademais de incluír “un espazo deseñado para que as entidades colaboradoras vaian introducindo, dun xeito áxil, rápido e cómodo, as cifras e datos cos que se elaborarán os posteriores Estadísticos” (recollido da noticia adxunta). No caso do Observatorio Urbano, licitado en 2011 e en funcionamento de 2012 a 2015 baixo un servizo externalizado, semellou unha aposta ambiciosa no que se refire ao volume de información a publicar (de 8.000 datos pasouse a máis de 100.000, segundo a noticia adxunta). Con todo, descoñecemos todo o relativo a como se produciu e mostrou a información, en particular a cultural, ao non atoparse activo o ligazón web. Polo tanto foi o traballo desenvolvido pola Oficina de Estatística, nas súas dúas etapas (antes e durante o Observatorio Estadístico), o que presentou unha maior continuidade no tempo, e dispoñemos de exemplares en papel dos Anuarios Estadísticos que nos permiten analizar os seus contidos²¹.

²¹ Concretamente puidemos contrastar o “Estatístico 2006/2007” e o “Decatístico Compostela. Radiografía dunha Década 1999/2009”.

Os apartados culturais están confeccionados a partir dun valioso e laborioso esforzo de consulta a fontes dispersas (diferentes departamentos municipais, Universidade de Santiago, Xunta de Galicia, asociacións sectoriais, museos da cidade etc.), o que ao noso xuízo representa a súa maior virtude. En canto a aspectos a mellorar, puidemos comprobar como a información cultural inserida nos “Estatísticos” era moi dispar e en parte desligada do que adoitan amosar as estatísticas culturais oficiais. En casos de natureza similar (programacións de teatro, p.e.) en ocasións consta o número de espectadores e noutras ocasións non. Ás veces inclúese información dubidosamente interesante a efectos estatísticos, como os nomes de autores/as das pezas teatrais ou directoras/es dos filmes proxectados, mentres que apenas figuran datos económicos como o custe dos programas – eventos, a recadación na billeteira ou a porcentaxe de actividades gratuítas.

Do noso punto de vista, unha das claves explicativas podería provir da falla dun sistema de produción de datos fiable, ben estruturado e capilarizado, que contase coa participación de cada un/unha dos responsables dos diferentes espazos culturais e dos programas – eventos municipais a partir da cumprimentación de fichas por actividade unificadas baixo os mesmos campos e criterios. Tamén cómpre indicar que o deseño, posta en marcha e coordinación dese sistema de produción de datos requiriría dunha notable dedicación temporal que podería exceder as capacidades da Oficina Estatística, e máis tendo en conta que estamos a falar dunha única área (a cultural), cando o seu labor abranguía toda a información estatística municipal.

En todo caso, no Informe Anual tentamos incorporar parte dos indicadores reflectidos nos Anuarios Estatísticos para facilitar que se poidan realizar series históricas e así darlle continuidade e sentido ao labor realizado en estatísticas culturais por parte do Concello de Santiago até hoxe.

AS ESTATÍSTICAS CULTURAIS

A continuación faremos unha pequena paréntese conceptual e histórica que nos permita contextualizar os seguintes apartados deste Anexo Metodolóxico.

En calquera manual de xestión das organizacións, públicas ou privadas, encontraremos apelacións á necesidade de se dotar dun aparello de medición composto por indicadores (cuantitativos e cualitativos) que permitan acceder a un mellor coñecemento dos procesos e dos resultados, e que por vez faciliten unha toma de decisións máis rigorosa e informada. Até aquí algo comunmente sabido. Porén, resulta significativo como no sector da cultura a utilización das ferramentas estatísticas e de xestión non está tan presente nin ten a mesma tradición que noutros sectores de actividade. De feito, aínda hoxe son relativamente singulares aquelas institucións públicas do eido cultural que explicitan os seus obxectivos de forma precisa e medible, ou que renden contas sobre o grao de consecución de tales obxectivos.

Di o CoNCA (Consell Nacional de la Cultura i de les Arts de Catalunya), no seu documento “Avaliación estratéxica para equipamentos culturais”²² que estas ferramentas permiten verificar a consecución de obxectivos previstos (a eficacia), a idoneidade das estratexias e accións para cumprilos (a efectividade) e a optimización da súa execución cos medios dispoñibles (a eficiencia). Se estamos a falar dunha administración pública da cultura, ademais destas bondades poderíamos engadir outros beneficios colectivos na medida en que esa información, debidamente difundida, permite incrementar a transparencia e o control sobre a acción de goberno, e polo tanto elevar a esixencia sobre as políticas culturais, ademais de socializar o coñecemento sobre os sectores culturais, facilitando así a investigación nese campo, e a maiores, como efecto indirecto, poder ter un efecto educador nos axentes culturais ao estimular o cambio organizativo cara modelos de xestión máis racionais.

22 http://conca.gencat.cat/ca/detall/publicacio/pub_avaluacio_estrategica_equipaments

Con todo, cómpre advertir e matizar que o universo das estatísticas culturais é relativamente recente. Segundo a información facilitada por ECONCULT (Área de Investigación en Economía da Cultura e Turismo, da Universitat de València), un dos primeiros esforzos a escala internacional para delimitar o obxecto de estudo e acordar conceptos, criterios e metodoloxías para a elaboración de estatísticas na área da cultura foi o UNESCO Framework for Cultural Statistics (FCS), aprobado en 1986 e en cuxa elaboración participaron máis de vinte países. O FCS foi actualizado en 2009 atendendo aos intensos cambios sociais e tecnolóxicos que transformaron o papel da cultura nas últimas décadas.

No ámbito europeo non sería até 1997 cando a Unión Europea, ante a carencia de estatísticas culturais propias, impulsou a creación do European Leadership Group Culture (LEG-Cultura). Grazas ao traballo de LEG-Cultura publicouse en 2007 o primeiro “Cultural Statistics in Europe – POCKETBOOK”, que viría sucedido por dúas edicións posteriores de 2011 e 2016. O Cultural Statistics in Europe – POCKETBOOK é a primeira publicación de Eurostat (a oficina estatística da Unión Europea) centrada na cultura que emprega datos do Sistema Estatístico Europeo e outras fontes de información como a UNESCO ou o Eurobarómetro. Recolle indicadores de ocupación cultural, comercio internacional de bens culturais, empresas culturais, uso de internet con propósitos culturais, gasto privado en cultura e participación cultural.

Outro fito internacional nas estatísticas culturais foi a creación en 2009, tamén por iniciativa de Eurostat, da European Statistical network (ESSnet – Culture)²³ para mellorar a metodoloxía e a produción de datos, con catro grupos de traballo cos seguintes obxectivos diferenciados: 1) actualizar o marco conceptual e as actividades económicas da cultura; 2) definir indicadores económicos culturais e de ocupación cultural; 3) realizar un inventario de fontes de datos sobre gasto público e dos fogares; e 4) identificar prácticas culturais e indicadores de participación social.

Se nos centramos na situación do Estado Español e no caso galego, comprobamos como os tres grandes contedores de estatísticas culturais dos que temos noticia teñen menos de dúas décadas: o Anuario SGAE das Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais foi creado en 1999, o Anuario de Estatísticas Culturais do Ministerio español de Cultura (nas súas diferentes nomenclaturas) naceu en 2005 e o Anuario de Estatísticas Culturais do Observatorio da Cultura Galega foi publicado só nas anualidades 2006 e 2007, se ben en 2018 veñen de presentar unha variante con grandes similitudes, a Diagnose da Cultura Galega, elaborada baixo o auspicio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Por outra parte, e como podemos comprobar no caso europeo, as estatísticas culturais presentan un certo nesgo cara as variables económicas en detrimento das sociais ou mesmo das culturais de seu. Os teóricos das políticas culturais distinguen tres grandes paradigmas históricos na disciplina: a democratización cultural, que se centraba en facilitar o acceso da cidadanía á produción artística, a democracia cultural, que puña o acento na participación cidadá e na creación popular, e o paradigma das industrias culturais e creativas como motor de desenvolvemento socioeconómico dos territorios. Pois ben, as estatísticas culturais foron acadando un interesante desenvolvemento no que atinxe á esfera “industrial” (empresas, emprego, facturación...), menor no ámbito democratizador (consumos e hábitos culturais), e moi limitado no que respecta á participación e ás prácticas culturais da cidadanía. De feito, aínda a día de hoxe se están a iniciar reflexións e debates sobre como identificar e medir o valor intrínseco e comunitario da cultura, como testemuña a última publicación do Kulturaren Euskal Behatokia – Observatorio Vasco da Cultura²⁴.

Por último, só indicar que desde a ECONCULT da Universitat de València consideran que é a dimensión social (máis complexa de medir ao estar relacionada co simbólico e o intanxible) a máis importante á hora de configurar un sistema de indicadores para o seguimento e avaliación da política cultural no ámbito local.

23 http://ec.europa.eu/assets/eac/culture/library/reports/ess-net-report_en.pdf

24 http://www.kultura.ejgv.euskadi.eus/contenidos/informacion/keb_argit_balio_publicoa_2018/es_def/adjuntos/Valor_publico_de_la_cultura.pdf

ALCANCE E OBXECTO DA INVESTIGACIÓN

Logo da consulta con diversas expertas e expertos, puidemos constatar como apenas existen informes anuais de cultura nos municipios do Estado español. Obviamente alí onde se deseñaron plans estratéxicos en cultura (numerosos concellos cataláns dispoñen dun “Plan de Acción Cultural”) hai unha diagnose previa na que se sustenta a planificación, pero son investigacións puntuais e non periódicas. Quizás o único exemplo dunha compilación e difusión sistemática de datos sexa o do Observatori de Dades Culturals de Barcelona, un dos principais referentes para o noso proxecto e ao que faremos profusa referencia ao longo do Anexo Metodolóxico.

O noso marco temporal de investigación abrangue o presente e o pasado recente (aí onde haxa datos para poder trazar series temporais) e contempla tres dimensións: o ecosistema cultural local, os sectores culturais do municipio (axentes públicos, privados e sociais) e a propia acción cultural da administración local. Cando falamos de ecosistema cultural estémonos a referir á totalidade de interaccións culturais e simbólicas presentes no territorio, sexan formais ou informais, artísticas ou populares, seguindo a definición antropolóxica de cultura postulada pola UNESCO na súa conferencia Mondiacult de 1982²⁵. Ao falar de sectores culturais circunscribímonos ás accións desenvolvidas polo conxunto de axentes culturais que operan no mercado, preferentemente desde unha esfera artística e profesional, en liña cunha concepción “sociolóxica” da cultura. Ao falar da acción cultural municipal obviamente estémonos a referir ás decisións tomadas en materia cultural polos representantes políticos da administración local, incluíndo as actividades organizadas e os recursos empregados.

A información sobre o ecosistema cultural local, dada a amplitude do concepto e a dificultade para unha aproximación cuantitativa, foi obtida mediante técnicas cualitativas e consultas a expertas e expertos, a información sobre os sectores culturais mediante aquelas estatísticas oficiais que dispuñan dunha mostra suficiente para obter datos representativos na desagregación municipal, e a información sobre a acción cultural do Concello de Santiago mediante o rexistro de datos elaborados desde a propia institución.

Debemos sinalar que a día de hoxe non existen datos culturais centralizados no Concello de Santiago: os datos xerados polo Auditorio de Galicia, pola Rede de Centros Cívicos, por INCOLSA – Turismo de Santiago ou mesmo polo Multiusos Fontes do Sar, por citar algúns exemplos dispares, son independentes e responden a distintos criterios na elaboración da información.

Logo da procura nos grandes contedores de información estatística que mencionamos con anterioridade (Anuario SGAE das Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais; Anuario de Estadísticas Culturais do Ministerio español de Cultura; Diagnose da Cultura Galega do Observatorio da Cultura Galega) e das pesquisas noutras fontes sectoriais, puidemos conformar a seguinte táboa de fontes primarias das que potencialmente se poden extraer datos estatísticos.

²⁵ “En su sentido más amplio, la cultura puede considerarse actualmente como el conjunto de los rasgos distintivos, espirituales y materiales, intelectuales y afectivos que caracterizan a una sociedad o un grupo social. Ella engloba, además de las artes y las letras, los modos de vida, los derechos fundamentales al ser humano, los sistemas de valores, las tradiciones y las creencias”

FONTES DO SISTEMA ESTATÍSTICO ESPAÑOL E GALEGO

Fontes	Entidades	Datos
Enquisa Estrutural a Fogares (Módulo de Ocio e Hábitos Culturais)	IGE	Hábitos e prácticas culturais
Encuesta de Hábitos y Practicas Culturales en España (41021)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Hábitos e prácticas culturais
Encuesta de Presupuestos Familiares (Nº IOE 30458)	INE	Consumos culturais
Directorio Central de Empresas (Nº IOE 30201)	INE (explotación IGE)	Empresas culturais
Banco de datos CULTURABase (50051)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Empresas culturais
Encuesta de Población Activa (Nº IOE 30308)	INE	Emprego cultural
Afiliacións á Seguridade Social	Ministerio de Empleo y Seguridad Social	Emprego cultural
Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura (41050)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Orzamento público e gasto liquidado
Estadística de Liquidaciones de los Presupuestos de las Entidades Locales	Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas	Orzamento público e gasto liquidado
Cuenta Satélite de la Cultura (50052)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (explotación IGE 2016)	Peso económico
Encuesta de Infraestructuras y Equipamientos Locales	Deputacións provinciais (apoio técnico do Ministerio de la Presidencia y para las Administraciones Territoriales)	Equipamentos culturais
Mapa Cultural de Galicia	Consello da Cultura Galega	Equipamentos culturais
Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de las Artes Escénicas (50044)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Artes escénicas
Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos Musicales y de la Danza (Entidades, Profesionales y Estrenos) (50041)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Música e danza
Edición Española de Música con ISMN (50050)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Música
Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales	SGAE	Artes escénicas e musicais
Estadística de Archivos (50003)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Arquivos
Censo - Guía de Archivos de España e Iberoamérica	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Arquivos
Estadística de Bibliotecas (30403)	INE	Bibliotecas
Estadística de Bibliotecas Públicas del Estado (50023)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Bibliotecas
Estadísticas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	Bibliotecas
Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN (50026)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Libros e edición

Fontes	Entidades	Datos
Panorámica de la edición española de libros	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte + Observatorio de la Lectura y el Libro	Libros e edición
Producción Editorial de Libros (30401)	INE	Libros e edición
Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento (50061)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Cine
Anuario de Cine	Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales	Cine
Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales	SGAE	Cine
Estadística de Museos y Colecciones Museográficas (50004)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte + Patrimonio Nacional + Ministerio de Defensa	Museos
Explotación Estadística de la Base de Datos de Protección del Patrimonio Histórico Español (Bienes Muebles e Inmuebles) (50001)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Patrimonio
Estadística de Enseñanzas no universitarias	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Ensinanzas do ámbito cultural
Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Ensinanzas do ámbito cultural
Estadística de Programas Educativos Europeos	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Ensinanzas do ámbito cultural
Estadística de la Enseñanza universitaria	INE	Ensinanzas do ámbito cultural
Estadística de la Formación Ocupacional	Ministerio de Empleo y Seguridad Social	Ensinanzas do ámbito cultural
Rexistro de Fundaciós e Asociacións	Xunta de Galicia	Fundaciós e asociación culturais
Enquisa Sectorial ás Empresas e ás Institucións sen Fins de Lucro	IGE	Entidades sen ánimo de lucro
Navegantes en la Red	Asociación para la Investigación de los Medios de Comunicación	NTIC
Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares	INE	NTIC
Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales	SGAE	Televisión
Anuario de Audiencias de TV	Kantar Media	Televisión
Estudio General de Medios	Asociación para la Investigación de los Medios de Comunicación	Radio
Movimientos Turísticos de los Españoles (FAMILITUR) (Nº IOE 16023)	INE	Turismo cultural
Movimientos Turísticos en Fronteras (FRONTUR) (Nº IOE 16028)	INE	Turismo cultural

Fontes	Entidades	Datos
Encuesta de Gasto Turístico (EGATUR) (Nº IOE 16029)	INE	Turismo cultural
Estudo da Caracterización da Demanda Turística de Santiago de Compostela	Turismo de Santiago - INCOLSA	Turismo cultural
Informe Estatístico da Oficina do Peregrino	Oficina do Peregrino (Fundación Catedral de Santiago)	Peregrinaxe ao Camiño de Santiago
Explotación Estadística del Registro General de Propiedad Intelectual (50053)	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte	Propiedade intelectual

TÁBOA A1

Elaboración propia


O PROCESO DE TRABAJO

QUE SABER

Antes de comezar a perfilar os contidos do Informe Anual da Cultura en Santiago formulámonos tres cuestións básicas: que queremos saber, que cumpriría saber e que podemos saber. Entendíamos que o resultado desa ecuación é a que nos daría o punto de equilibrio onde os recursos empregados na investigación nos proveesen da información máis útil.

GRÁFICO A1

A primeira das preguntas (que queremos saber) está intimamente relacionada coa visión da cultura e as prioridades políticas do equipo de goberno. Seguindo unha explicación anterior, se a nosa visión se asenta no paradigma da democratización da cultura, entón seguramente nos interese a evolución dos hábitos e consumos culturais da poboación, así como a dotación de infraestruturas que faciliten o achegamento e acceso da cidadanía á cultura. Se a nosa aposta é o desenvolvemento socioeconómico do territorio desde a locomotora cultural, nese caso preguntarámonos pola vizosidade das indus-



trias culturais e creativas do municipio e polo grao de madurez do turismo cultural. Se pola contra o noso enfoque se centra na democracia cultural, prestaremos atención ás prácticas culturais e á participación da cidadanía.

Naqueles gobernos cunha posición consciente en política cultural e cuns obxectivos explícitos na materia, adoita producirse unha combinatoria destas tres visións. No caso do actual goberno municipal de Santiago de Compostela, se analizamos o programa da forza que o sustenta, Compostela Aberta, vemos como se fai énfase na participación cultural, no protagonismo da cidadanía e da cultura de base, na descentralización e desestacionalización da oferta cultural, na cooperación entre os axentes culturais do municipio, na transversalidade á hora de deseñar e xestionar proxectos culturais entre diferentes departamentos municipais, na profesionalización e mellora na política cultural mediante a planificación e a avaliación, ou na coxestión de espazos culturais e a mutualización de recursos, entre outros ítems. Todas estas prioridades sitúano de cheo no modelo da democracia cultural. Porén, como vimos anteriormente, son xustamente nestes temas onde as estatísticas culturais están hoxe menos desenvolvidas.

A segunda das preguntas (que cumpriría saber) ten que ver coa excelencia técnica: todos aqueles coñecementos que deberamos adquirir para dispor da información máis completa posible sobre a realidade que queremos analizar. Esta perspectiva ten a virtude de abrírnos a mente sobre o amplo abano de preguntas sobre a política cultural local que podemos realizar. Na seguinte táboa mostramos un posible esquema.

TÁBOA A2
Elaboración propia

ÁMBITOS DE DESAGREGACIÓN DAS POLÍTICAS CULTURAIS LOCAIS

ÁMBITO SOCIAL	1. Participación da cidadanía 1.1. Análise da demanda cultural 1.2. Estratexias para a xeración de públicos 1.3. Vías de voluntariado cultural 1.4. Relación coa comunidade
	2. Mundo educativo 2.1. Formación artística 2.2. Cooperación cos centros de ensino 2.3. Promoción das prácticas culturais amadoras
	3. Tecido asociativo 3.1. Fluidez da interlocución 3.2. Subvencións e axudas 3.3. Organización conxunta de actividades 3.4. Coxestión de espazos e mutualización de recursos
	4. Outros... 4.1. Papel da cultura nos servizos sociais e de saúde 4.2. Papel da cultura no diálogo intercultural 4.3. Papel da cultura na promoción da igualdade
ÁMBITO PÚBLICO	1. Estrutura organizativa e marco normativo 1.1. Cadro de persoal en cultura, condicións laborais, cualificación 1.2. Rede de equipamentos e dotación técnica 1.3. Orzamento propio, transferencias e outros recursos económicos 1.4. Normativas municipais 1.5. Cooperación transversal con outros departamentos municipais e Admóns. 1.6. Existencia de órganos de participación (Consellos Municipais, Padroados etc.)
	2. Programación e oferta cultural municipal 2.1. Toma de decisións sobre os contidos (quen decide) 2.2. Segmentación de audiencias 2.3. Contratación de empresas provedoras e de artistas locais 2.4. Sinerxías entre actividades

ÁMBITO DE MERCADO	2.5. Canles de comunicación social
	2.6. Presenza da cultura cidadá, asociativa e comunitaria
	3. Deseño e avaliación de políticas culturais
	3.1. Existencia de planificación estratéxica
	3.2. Obxectivos intrínsecos e extraculturais
	3.3. Mecanismos de avaliación
	3.4. Vías de participación cidadá e codecisión
	1. Industrias culturais e creativas
	1.1. Formación económica e empresarial para axentes culturais
	1.2. Liñas de asesoramento para a creación de empresas culturais
	1.3. Bolsas, premios e outros incentivos ao emprendemento
	1.4. Feiras sectoriais e espazos de encontro profesionais
	1.5. Apoio á captación de financiamento
	1.6. Apoio á proxección exterior
	1.7. Cooperación municipal coa oferta cultural privada (axentes e iniciativas locais)
	2. Turismo cultural
	2.1. Análises da oferta (potenciais atractivos turísticos) e da demanda (necesidades e preferencias d*s turistas culturais)
	2.2. Deseño de roteiros e paquetes de turismo cultural
	2.3. Conservación e protección do patrimonio
	2.4. Estratexia de comunicación interior (puntos de información e publicacións turísticas locais)
	2.5. Presenza en feiras estatais e internacionais
	3. Desenvolvemento territorial
	3.1. Estudos sobre a potencialidade da cultura no desenvolvemento do municipio
	3.2. Conexión de artistas e creador*s locais con empresas non culturais
	3.3. Papel da cultura nas estratexias municipais de promoción económica
	3.4. Papel da cultura na rexeneración de espazos públicos
	3.5. Papel da cultura no marketing territorial

A terceira das cuestións, aquela que se interroga sobre o que podemos saber, garda relación coa información dispoñible nas actuais circunstancias e coa limitación de recursos (económicos, temporais) inherente a calquera investigación. De entrada semella máis áxil e económico obter datos desagregados para a nosa localidade a partir daquelas fontes de información xa existentes que producir os datos mediante a implementación dun traballo de campo propio.

A día de hoxe, a principal referencia cuantitativa para coñecer o estado de situación de cultura en España é o Anuario de Estatísticas Culturais do Ministerio de Cultura e Deporte. Nas súas páxinas podemos atopar datos de:

MAGNITUDES **TRANSVERSAIS**:

emprego, empresas, financiamento público, consumos culturais, comercio exterior, turismo cultural, ensinanza artística, hábitos e prácticas culturais e propiedade intelectual.

MAGNITUDES **SECTORIAIS**:

patrimonio, museos e coleccións museográficas, arquivos, bibliotecas, libro, artes escénicas e musicais, cine e vídeo, asuntos taurinos, conta satélite da cultura e magnitudes internacionais.

A outra gran fonte de información, o Anuario SGAE das Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais, facilítanos regularmente información sobre os seguintes sectores:

ARTES ESCÉNICAS, MÚSICA CLÁSICA, MÚSICA POPULAR E MÚSICA GRAVADA

CINE

VÍDEO

TELEVISIÓN

RADIO

NOVAS TECNOLOXÍAS

No que respecta ao Instituto Galego de Estatística, o último estudo específico sobre cultura data de 2016 e céntrase exclusivamente na estimación do seu peso económico, a través do emprego e das achegas ao PIB e VEB, coa vantaxe de que parte desta información está desagregada por comarcas. Tamén é particularmente valiosa a información que nos proporciona en termos de hábitos e prácticas culturais, a través da Enquisa Estrutural a Fogares (módulo de ocio e hábitos culturais).

O principal equipo galego de investigación en estatísticas culturais é o Observatorio da Cultura Galega. Na súa recente publicación “Diagnose da Cultura Galega. Datos para unha Estratexia Cultural no Século XXI” (2018), mostra un moi amplo compendio de datos:

MAGNITUDES TRANSVERSAIS:

hábitos culturais, gasto cultural dos fogares, tecnoloxías da información e comunicación, a muller na cultura, ensinanzas do ámbito cultural, emprego cultural, turismo cultural, cultura científica, o sistema produtivo da cultura, infraestruturas e equipamentos culturais, entidades sen ánimo de lucro, gasto público e políticas culturais, e acción exterior da cultura.

SECTORES CULTURAIS:

arquivos, bibliotecas, museos, patrimonio cultural, o libro e a edición, publicacións periódicas, cine, música, artes escénicas, e televisión e radio.

E por último, no ámbito municipal e referido á acción cultural do Concello, dispoñemos daquela información que nos facilitan os diferentes servizos e organismos municipais, sexa o Auditorio de Galicia, a propia Concellaría de Acción Cultural, a empresa pública de turismo INCOLSA ou a Rede de Centros Cívicos, entre outros.

Polo tanto “o que podemos saber” atopámolo primeiramente tras un baleirado das fontes incluídas nos contedores citados e logo do debido contraste da validez dos seus datos na desagregación municipal ou comarcal. É o que no seguinte apartado denominamos “a recolla”. De forma complementaria, e en previsión dunha posible escaseza de datos representativos por esta vía

para Santiago e bisbarra, propuxemos algunhas accións para a xeración de información ex novo, o que viñemos en denominar “a produción”.

Nos seguintes apartados describiremos os pasos dados no proceso de traballo, a saber: 1) busca e compilación de fontes estatísticas oficiais, revisión dos seus contidos e preselección de indicadores; 2) contraste con responsables técnicos/as municipais para coñecer os modelos de xestión de información cultural cos que operan; 3) contraste con expertas e expertos en estatísticas culturais para definir criterios e metodoloxías que permitan refinar mellor a preselección de indicadores; 4) deseño dun modelo de agrupación das fontes e dunha base de datos coas súas principais características; 5) baleirado de datos de libre acceso e rolda de consultas coas entidades posuidoras das fontes para a petición de información non facilmente localizable; 6) deseño de ferramentas de medición complementarias e implementación das mesmas.

A RECOLLA DE INFORMACIÓN

A primeira tarefa que realizamos foi unha revisión exhaustiva da información cuantitativa publicada en España e Galicia. A continuación fixemos unha base de datos de fontes e unha preselección de indicadores en función da súa relevancia para o ámbito municipal e das nosas previsións iniciais de dispoñibilidade de información desagregada.

Así mesmo, elaboramos un listado de datos a solicitar ao Concello de Santiago, coa pretensión de obter o máximo de información significativa da institución e partindo dun esquema ideal, próximo á pregunta “que cumpriría saber”. Entre outros, tomamos como referencias os informes anuais do Observatori de Dades Culturals do Concello de Barcelona e os Estatísticos publicados polo Concello de Santiago entre 1999 e 2010.

En segundo lugar realizamos unha serie de consultas a diferentes responsables de entidades culturais municipais, ademais de persoal técnico funcionario, co obxecto de coñecer de que información dispuñan ou estaban en vías de elaborar. Como abordaremos no seguinte capítulo, se queremos elaborar

un Sistema de Información Cultural unitario, o máis homoxéneo e harmonizado posible, deberemos considerar moi centralmente as necesidades de información e as achegas metodolóxicas das diversas entidades. Trátase de amortizar o traballo feito, de establecer sinerxías e de consensuar uns protocolos e unha arquitectura común que garanta a utilidade do resultado. Como indican nun documento de ECONCULT (Universitat de València), “É importante crear un sistema de información que permita comparar con outros territorios, e que ao tempo se integre cos sistemas preexistentes de información cultural local ou rexional, establecendo redes de colaboración”.

O terceiro paso foi realizar un novo contraste, esta vez con especialistas no sistema estatístico español e galego (de preferencia en estatísticas culturais), para identificar de que fontes poderíamos conseguir datos desagregados para o ámbito municipal, que criterios deberan guiar a selección definitiva dos indicadores, e que volume de información sería razoable plasmar no Informe Anual da Cultura, ademais doutras consultas metodolóxicas. A partir da súa orientación e consello definimos uns criterios para a selección de datos a incluír no Informe Anual.

CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE DATOS

• Existencia de información desagregada a escala municipal
• Prioridade á información comparable no tempo (series temporais) e no espazo (outros territorios)
• Prioridade á información fiable, relevante e significativa a escala municipal, que permita orientar as tomas de decisión
• Simplicidade: realizar unha primeira radiografía simple, comprensible e comunicable, que poida medrar e enriquecerse en seguintes edicións
• Sustentabilidade: dar prioridade a aquelas fontes de información estables, abertas e gratuitas que permitan a actualización e difusión de datos por parte do persoal municipal
• Reciclaxe e aproveitamento da información municipal xa existente
• Mínimo común denominador: dar prioridade a aquela información común a diversas disciplinas artísticas, espazos culturais e programas – eventos

TÁBOA A3

En cuarto lugar realizamos unha análise en profundidade das fontes de datos externas que puidesen ter algunha relación co sector cultural a escala municipal, estudando as súas características metodolóxicas e cribando a información atendendo aos criterios indicados. A partir de aquí elaboramos un modelo de agrupación das fontes baseado en primeiro termo no Anuario de Estadísticas Culturais do Ministerio e subsidiariamente no Observatorio da Cultura Galega. Finalmente categorizamos as fontes seguindo un esquema de áreas, sectores e subsectores. En total incluímos catro áreas e vinte cinco sectores.

SISTEMA DE CATEGORIZACIÓN DAS FONTES PRIMARIAS CULTURAIS

área	sector	subsector
Sectorial	Infraestruturas e equipamentos culturais	
	Arquivos	
	Bibliotecas	
	Museos	
	Patrimonio cultural	
	Libro e edición	
	Cine	
	Música	
	Artes escénicas	Teatro
	Televisión e radio	Danza
Transversal	Hábitos e prácticas culturais	
	Gasto en cultura nos fogares	
	Emprego do tempo	
	Tecnoloxías da información e da comunicación	
	Ensino	Educación en artes e humanidades
		Ensino non universitario
		Ensino universitario
	Emprego cultural	Sociolingüística Toponimia
	Empresas culturais	
	Turismo cultural	
	Dinamización	
	Asociacións culturais	
	Fundacións culturais	
	Lingua	
	Muller	
Estatísticos de síntese -económicos	Conta satélite da cultura	
	Produto interior bruto (PIB)	
	Contas económicas de Galicia	

A continuación deseñamos unha base de datos a partir deste esquema, identificando as fontes para cada subsector e informando sobre as súas principais características, a saber:

- A. Localización
- B. Nivel de desagregación (inclúese o nivel máis específico)
- C. Temporalidade (inclúese a temporalidade de recollida de datos e o ano da primeira administración)
- D. Grao de abertura da fonte
- E. Soporte (base de datos estatística en rede, informe detallado -habitualmente en .pdf -)
- F. Contacto (por defecto o correo electrónico)
- G. Metodoloxía (inclúese a ubicación do documento de metodoloxía, se houbese)
- H. Nivel de dificultade (valoración subxectiva sobre a dificultade para traballar cos datos da fonte)
- I. Traballo (indícase o nivel de traballo que implica a fonte, se soamente implica extraer datos dun documento ou fonte, se implica transformación e análise da base ou se hai que realizar petición e implica coñecementos específicos —do sector ou estatísticos—)
- J. Estado (indícase se na actualidade está dispoñible despois dunha comprobación pola nosa parte dos datos ou se estivésemos pendentes dunha consulta para ampliar información)
- K. Interese (valoración subxectiva do interese dos datos da fonte)
- L. Observación (explicación dalgunha información relevante non contida nos criterios anteriores).

E como último paso, baleiramos aqueles datos de acceso sinxelo ou inmediato e, nos casos restantes, iniciamos unha rolda de consultas coas entidades posuidoras das fontes para a solicitude da información. Entre outras, contactamos co Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, Instituto Ga-

lego de Estatística, Instituto Nacional de Estadística, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, Observatorio da Cultura Galega, Consellería de Cultura e Turismo, Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, Universidade de Santiago de Compostela etc.

Ao longo do proceso puidemos corroborar a complexidade de obter datos culturais con desagregación a escala municipal. As estatísticas estatais baseadas en mostras (non en Censos) utilizan como referencia a escala autonómica, o tamaño da poboación ou ambos. Incluso a nivel galego, os deseños mostrais céntranse na comunidade autónoma ou nas comarcas. En moitos dos casos, os datos abertos non presentan unha representatividade suficiente para as cidades. Algunhas estatísticas que acadan esa representatividade non son abertas e hai que realizar unha petición das táboas de datos. Noutros casos, da escala comarcal pódense obter datos a escala de cidade pero o nivel de validez externa non está asegurada.

A PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN

Explicabamos liñas atrás que as estatísticas culturais son un fenómeno relativamente recente, tanto en Europa como en España ou Galicia, e que presentan unha acusada orientación sectorial e socioeconómica, en detrimento doutras perspectivas de análise como o impacto social e comunitario das políticas culturais ou a vitalidade dos ecosistemas culturais locais. Tamén indicamos como algunhas das actuais prioridades da acción cultural municipal, como a colaboración público – privada – social, a participación cidadá en cultura, a descentralización das programacións, a transversalidade nas políticas ou a conexión internacional do tecido cultural local, tiñan escaso ou ningún reflexo nas estatísticas oficiais. Neste caso o “que queremos saber” non atopa resposta polas vías convencionais.

Para paliar esta carencia e complementar a información recollida nas estatísticas publicadas decidimos elaborar un cuestionario co que medir a valoración de profesionais, expertas e axentes locais sobre o estado de situación

da cultura en Santiago. Para a confección do cuestionario inspirámonos parcialmente nos dous principais cuestionarios culturais anuais publicados no Estado español, o promovido pola Fundación Contemporánea (denominado “Observatorio de la Cultura”²⁶) e o que impulsa a Fundación Alternativas no marco do informe “El Estado de la Cultura en España”²⁷. As preguntas a trasladar a través do cuestionario foron as seguintes.

CUESTIONARIO A PROFESIONAIS, EXPERTAS E AXENTES CULTURAIS DE SANTIAGO

Canta importancia considera que ten a cultura en Santiago de Compostela sobre...?

1. O atractivo de Santiago para a poboación do resto de Galicia
2. O atractivo turístico de Santiago para visitantes foráneos/as
3. A economía local e o emprego
4. O mundo educativo e da investigación
5. A cohesión social da cidadanía de Santiago
6. A identidade local e o orgullo de pertenza
7. O modelo urbanístico de Santiago
8. A proxección internacional da cidade

Como avalía o estado da cultura en Santiago de Compostela en relación cos seguintes aspectos?

9. Coidado e protección do patrimonio cultural
10. Investigación, coñecemento e divulgación do patrimonio cultural
11. Grao de desenvolvemento do turismo cultural
12. Oferta educativa nas artes e a cultura
13. Dotación de equipamentos culturais no municipio (públicos e privados)
14. Posicionamento da cultura de Santiago na esfera dixital
15. Consumos culturais da poboación (compras de libros, discos, entradas para espectáculos etc.)

²⁶ <http://www.fundacioncontemporanea.com/wp-content/uploads/2018/01/Observatorio-de-la-Cultura-2018.pdf>

²⁷ http://www.fundacionalternativas.org/public/storage/publicaciones_archivos/b5486a66778e-cb59cfd0e6f2fba931fb.pdf

16. Hábitos e prácticas culturais da poboación (asistencia a museos ou bibliotecas, tocar un instrumento musical etc.)
17. Vitalidade do asociacionismo cultural do municipio
18. Dinamismo do tecido empresarial da cultura
19. Momento creativo da escena artística local
20. Situación laboral de artistas e creativas/os

En particular, avalíe os seguintes aspectos relativos á acción pública do Concello de Santiago de Compostela sobre a cultura e o sector:

21. Calidade e innovación na programación cultural municipal
22. Diversidade da programación cultural municipal
23. Presenza da lingua e da cultura galega na programación cultural municipal
24. Presenza e protagonismo da muller na programación cultural municipal
25. Presenza de artistas locais na programación cultural municipal
26. Descentralización da oferta cultural municipal nos barrios e parroquias
27. Funcionamento da rede de equipamentos culturais municipais
28. Profesionalidade e rigor na elaboración das políticas públicas (planificación estratéxica, avaliación etc.)
29. Colaboración do Concello en proxectos culturais con outras entidades (administracións públicas, empresas, mundo educativo, tecido asociativo...).
30. Axudas e subvencións a iniciativas culturais de base
31. Axudas e subvencións a artistas, empresas e profesionais
32. Medidas para o fomento da creación e o respaldo aos novos talentos
33. Medidas para o fomento do emprendemento cultural
34. Comunicación da oferta cultural municipal
35. Medidas para facilitar o acceso da cidadanía á cultura (abonos e descontos, diversidade nos horarios de programación, eliminación de toda clase de barreiras etc.)
36. Espazos, recursos e medidas para propiciar a participación cultural da cidadanía

E para rematar...

37. Indique os tres acontecementos culturais máis destacados do último ano (por orde de importancia -de maior a menor-):

A

B

C

38. Sinale como máximo as tres principais fortalezas e debilidades da cultura en Santiago de Compostela:

FORTALEZAS

DEBILIDADES

39. Se desexa realizar algunha valoración adicional ou desenvolver algunha das respostas anteriores pode facelo libremente neste espazo:

TÁBOA A5

A ficha técnica do cuestionario e os seus resultados conforman o capítulo 2 deste Informe Anual da Cultura en Santiago 2018.

CARA UN SISTEMA DE INFORMACIÓN CULTURAL SUSTENTABLE

OS OBSERVATORIOS CULTURAIS

PANORÁMICA XERAL

Desde finais do século XX foron xurdindo por toda Europa (en España e Francia en maior medida que noutros países da Unión Europea) unhas entidades cuxa función principal é a recolla de información cultural e a posta a disposición dos axentes interesados. Son os denominados “Observatorios Culturais” que, como veremos, presentan unha variada tipoloxía. Entre os beneficios máis salientables que reportan estes organismos podemos destacar os seguintes (ECONCULT – Universitat de València):

Constitúen un instrumento que posibilita a planificación e avaliación de políticas e proxectos sobre o territorio, e favorece a prospección e detección sistemática de necesidades actuais e futuras.

Favorecen a optimización dos recursos públicos e privados e a eficiencia na súa asignación.

Poden recoller percepcións da cidadanía e polo tanto contribuír á detección dos obxectivos compartidos por unha comunidade.

Favorecen a determinación de obxectivos concretos e verificables no marco do compromiso da acción política co conxunto da cidadanía, e por tanto incrementa a confianza mutua, a transparencia e o escrutinio como parte do compromiso colectivo nos proxectos comúns.

Permiten visibilizar as relacións causais entre o feito cultural e os individuos ou os grupos, e polo tanto revelan as implicacións entre as decisións e os seus efectos, o que configura comunidades máis informadas e responsables nos seus procesos de tomas de decisión, outorgando maior profundidade democrática aos procesos sociais.

En Galicia dispomos do Observatorio da Cultura Galega, un servizo do Consello da Cultura Galega creado en 2007 baixo a iniciativa e impulso do sociólogo Xan Bouzada. O Observatorio da Cultura Galega ten por finalidade “compilar as principais estatísticas de ámbito cultural e de interese para Galicia”. Con todo, tal e como indicabamos, a principal característica dos observatorios culturais presentes no Estado español é a súa casuística plural, con estruturas e funcións moi dispares. Na seguinte táboa mostramos unha relación daqueles máis relevantes na actualidade:

OBSERVATORIOS CULTURAIS NO ESTADO ESPAÑOL

Nome	Ligazón web
Centre d'Estudis i Recursos Culturals (CERC)	http://www.diba.cat/web/cerc/default
Kulturaren Euskal Behatokia - Observatorio Vasco de la Cultura	http://www.kultura.ejgv.euskadi.net/r46-19130/es/
Interarts - Observatorio Europeo de Políticas Culturales, Regionales y Urbanas	http://www.interarts.net/1780-2/?lang=es
Observatorio Aragonés de Arte en la Esfera Pública	http://www.unizar.es/oaap/
Observatorio de Cultura y Comunicación (Fundación Alternativas)	http://www.falternativas.org/occ-fa/que-es-el-occ-fa
Observatorio de la Cultura (Fundación Contemporánea)	http://www.fundacioncontemporanea.com/observatorio-de-la-cultura/
Observatorio da Cultura Galega	http://observatorio.consellodacultura.gal
Observatorio Extremeño de la Cultura	https://observaculturaextremadura.es/
Observatorio de la Lectura y el Libro	https://www.mecd.gob.es/cultura/areas/libro/mc/observatoriolect/inicio.html
Observatorio Social La Caixa. Indicadores culturales	https://observatoriosociallacaixa.org/es/indicadors-cultural
Observatorio Universitario Andaluz de la Cultura “Atalaya”	http://www.observatorioatalaya.es/
Observatori Valencià de la Cultura	http://www.ovc.gva.es/es/observatori-valencia-de-la-cultura
Observatorio de la Cultura de Zaragoza	https://www.zaragoza.es/ciudad/cultura/observatorio
Observatori de Dades Culturals de Barcelona	http://barcelonadadescultura.bcn.cat/?lang=es

TÁBOA A6

Elaboración propia.

Baixo o termo paraugas “Observatorio Cultural” agóchanse realidades moi diversas e con diferente grao de madurez. Poderíamos distinguir os seguintes modelos (ECONCULT – Universitat de València):

Centros de investigación. Xorden a iniciativa de fundacións e asociacións e son independentes das Administracións Públicas. Fomentan as redes de coñecemento e o intercambio de información. Entre outros exemplos, podemos referir á Fundació Interarts – Observatorio Europeo de Políticas Culturais, Rexionais e Urbanas, e á Fundación Alternativas (Observatorio de Cultura e Comunicación).

Organismos autonómicos ou nacionais. Xorden a iniciativa dos gobernos e doutros entes públicos. Participan na definición, desenvolvemento e avaliación das políticas culturais. Neste caso, ademais do Observatorio da Cultura Galega, podemos citar ao Kulturaren Euskal Behatokia – Observatorio Vasco da Cultura, ao Observatori de Dades Culturals do Concello de Barcelona, ao Observatorio da Cultura do Concello de Zaragoza, ao Observatorio Estremeño da Cultura e ao Centre d'Estudis i Recursos Culturals da Deputación de Barcelona. Nalgúns casos, como o vasco e o do municipio barcelonés, recollen, producen e difunden información básica. Noutros, como no caso de Estremadura ou Zaragoza, máis ben funcionan como repositorios de información de moi distinta natureza

Centros universitarios. Son institutos de investigación ou departamentos universitarios. Unha das principais referencias é o observatorio “Atalaya”, da Universidade de Cádiz, que elabora textos didácticos ademais de organizar xornadas profesionais e publicar revistas especializadas.

O OBSERVATORI DE DADES CULTURALS DO CONCELLO DE BARCELONA

Do listado de observatorios que acabamos de mostrar, só dous son de ámbito municipal, os de Zaragoza e Barcelona. Na web tamén se fai referencia a un proxecto de “Observatorio del Arte” en Santander que se traduciría en xuntanzas semestrais de expertos para avaliar as políticas culturais da cidade, pero do que só temos constancia da primeira reunión. En calquera caso, o observatorio de Barcelona semella o máis sofisticado e mellor estruturado, e nel nos imos deter.

Unha das características distintivas do observatorio de Barcelona a respecto dos observatorios autonómicos (Galicia, País Vasco) é que centra a súa actividade na produción propia de información a partir da rede de centros culturais e dos diferentes programas – eventos da oferta municipal, recorrendo só puntualmente á explotación das estatísticas oficiais existentes.

O Observatori de Dades Culturals de Barcelona naceu en 2015 co obxectivo de “difundir datos, indicadores e informes sobre a realidade cultural da cidade”. As súas orixes sitúanse unha década atrás, en 2004, cando se crea o Departamento de Estudos e Calidade do Institut de Cultura de Barcelona (un organismo autónomo municipal).

O seu sistema de produción de información aséntase nunha trabe mestra: o SICUB, unha base de datos e indicadores culturais da cidade que foi definida en 2009 e que iniciou a carga de datos en 2010. Catro anos despois, en 2014, crearon a web BARCELONA DADES CULTURA na que se dispoñibiliza a información en aberto.

Un dos sinais de identidade do observatorio barcelonés é a medida e contención, ao xerar un volume de datos limitado (por prudencia técnica), e a consciencia sobre a circulación de información, poñendo o acento na utilidade social da mesma, e polo tanto na súa accesibilidade e comprensión²⁸.

A continuación mostramos a relación de indicadores que publican nos seus informes anuais así como nos informes específicos sobre a rede municipal de Centros Cívicos:

INFORMES ANUAIS

Bibliotecas: número, metros cadrados, fondos documentais, visitas, préstamos, uso de ordenadores e wifi, visitas web, novos carnés, usuarios inscritos, número de actividades culturais e de difusión da lectura (e asistentes), número de actividades de alfabetización dixital (e asistentes), número de sesións de clubs de lectura (e asistentes), número de visitas escolares (e asistentes)

28 Conversa con Montserrat Tort, directora do Observatori de Dades Culturals de Barcelona.

Centros cívicos: número, metros cadrados, número de actividades de formación (e inscricións), número de actividades de difusión cultural (e asistentes), número de entidades usuarias

Fábricas de creación: número de proxectos de creación, número de actividades de difusión, número de actividades de formación para profesionais

Arquivos: número de usuarios, número de consultas, metros lineais, puntos de consulta

Museos e centros de exposición: visitantes, número de exposicións temporais, número de visitantes de exposicións temporais, número de obxectos nos fondos, exposicións de máis de 25.000 visitantes

Espazos de artes escénicas: número de espectáculos, número de funcións, aforos, entradas vendidas, espectadores, media de público por función, porcentaxe de ocupación por función

Espazos musicais: número de concertos en grandes auditorios, número de espectadores en grandes auditorios, porcentaxe de ocupación en grandes auditorios, número de concertos e de espectadores da Orquestra de Barcelona, número de concertos e espectadores da Banda Municipal de Barcelona

Festivais organizados polo Concello: número de asistentes e datas por cada festival, número de espectáculos, entradas vendidas e porcentaxe de ocupación no Grec Festival de Barcelona

Festas organizadas polo Concello: estimación de asistentes a cada festa

Barcelona Film Comission: rodaxes en Barcelona (longametraxes de ficción, longametraxes documentais, longametraxes en forma de TV movie ou miniseries, curtametraxes e exercicios académicos, series de televisión, reportaxes, videoclip, vídeos corporativos e institucionais, anuncios publicitarios, fotografía e outras filmacións; permisos tramitados para rodaxes segundo distritos da cidade

CENTROS CÍVICOS

Formación: número de actividades de formación, porcentaxe de propostas novas, número de inscritos (segundo cursos propios, itinerarios e oferta externa), método de inscrición (formulario en papel ou online), porcentaxe de persoas que se inscribiron en máis dunha actividade

Difusión cultural: número de actividades de difusión cultural, número de asistentes, número de actividades de difusión cultural onde non se contabilizaron os asistentes, porcentaxe de actividades gratuítas e de pagamento, número de exposicións e mostras e asistentes, número de entidades que fixeron uso de espazos en cesión e aluguer, cesións de espazos para o apoio á creación, cesións de espazos para segundo que disciplina artística

Recursos: porcentaxe de centros de xestión directa, porcentaxe de centros onde se analiza a xestión económica, ingresos dos centros (achegas municipais e ingresos propios), desagregación dos ingresos propios (inscrición a cursos e talleres, aluguer de espazos, venda de entradas a espectáculos), gastos dos centros (porcentaxe dedicado a recursos humanos), número de traballadores por sexo

A selección de datos a producir e publicar e os procedementos de obtención desa información son consensuados cos técnicos responsables dos equipamentos e dos programas – eventos, que finalmente son quen cargan os datos e nutren o SICUB. Por este motivo os procesos de implantación dos sistemas de indicadores adoitan ser pausados (pero sólidos). Así, e por citar un exemplo recente, o sistema común de indicadores da rede municipal de Centros Cívicos foi acordado logo de dous anos de deliberacións e posta a punto.

Para a realización dos seus cometidos, o observatorio de Barcelona conta cun cadro de persoal de tres técnicas e un administrativo, co apoio ocasional dun consultor informático. Así e todo, convén matizar que o equipo desenvolve outras tarefas para o ICUB a maiores das propias do observatorio, e tamén cómpre dimensionar, ao se tratar Barcelona dunha cidade de 1'6 millóns de habitantes e ao dispor o seu Concello dun orzamento cultural de 133 millóns de euros.

Entre as funcións do observatorio barcelonés destacan:

Consensuar. Elaborar entre os diferentes axentes os criterios de clasificación, interpretación e publicación dos datos, así como o glosario para unificar a terminoloxía a empregar.

Facilitar as ferramentas e implantar procesos para que os centros ou os programas – eventos poidan traballar cos seus datos e tirarlles o máximo proveito.

Facer **seguimento** do traballo de recolla a través do tempo.

E sobre todo, **informar, explicar e compartir.**

E os seus principios aparecen reflectidos no seguinte gráfico:



GRÁFICO A2

Elaboración: Observatori de Dades Culturals de Barcelona

Co principio de “menos é máis” aluden a un fundamento da xestión da información: para que o sistema sexa sustentable é preferible pouca cantidade de datos que sexan fáciles de producir ou recoller, e que teñan continuidade no tempo. A través do principio de “mínimo común denominador” dáselle prioridade a aqueles datos que poidan ser comúns aos diferentes centros e programas – eventos, de forma que a información resultante sexa equiparable e comparable en múltiples eixos (tamén entre disciplinas artísticas). O principio de “non obsesionarse cun total” responde á prudencia técnica: ter coidado de non sumar variables que non son agrupables (ante a dúbida, é mellor quedarse con indicadores máis pequenos e autónomos).

PROPOSTA PARA DISPOR DUN SISTEMA DE INFORMACIÓN CULTURAL A MEDIO PRAZO

Como acabamos de observar, no Estado español non hai manuais nin protocolos que definan canonicamente as características (estrutura, contidos) que debe posuír un órgano de investigación e análise para ser considerado un observatorio. En Galicia non existen observatorios culturais municipais dos que tomar exemplo, e no caso de que o Concello de Santiago decidise implantalo sería unha experiencia pioneira.

Ao noso xuízo, e sintetizando varios modelos, as funcións que podería acometer un hipotético Observatorio Municipal da Cultura de Santiago poderían ser:

- 1) Ordenar e coordinar a produción de información sobre a acción cultural municipal;
- 2) Compilar, tratar e divulgar os datos das estatísticas oficiais con desagregación municipal;
- 3) Elaborar informes periódicos e estudos en función da demanda dos sectores culturais ou das propias necesidades do Concello: plan municipal

de públicos, avaliación sobre a participación cultural da cidadanía, estudo de impacto da cultura na economía local... ou accións máis específicas e aplicadas, como a avaliación do funcionamento dun servizo municipal, a análise dos públicos de determinados centros ou programas – eventos, a redacción de memorias etc.;

- 4) Xerar espazos de reflexión e deliberación sobre as políticas culturais ou as dinámicas dos diferentes sectores culturais.

Porén, debemos ser conscientes de que se trata dunha proposta ambiciosa que estará condicionada aos recursos que poida asignar o Concello a este fin, e polo tanto ao lugar que ocupe na súa escala de prioridades. Por outra parte, lembremos a dimensión do equipo técnico que xestiona o observatorio de Barcelona, e en atención a iso calibremos que dotación de persoal e fondos económicos sería razoable para a capital de Galicia (unha simple regra de tres non tería sentido, pero a comparación sérvenos de referencia). Ademais, cómpre considerar o contexto de intervención: desde hai tres anos non se publica información estatística municipal en Santiago (non só cultural). Semella que habería que enfrontar en paralelo os déficits de información cultural e global do Concello, cunha solución harmonizada e coherente entre as partes.

Sexa como for, reciba a denominación de observatorio cultural ou non, o que si consideramos prioritario para unha mellor xestión das políticas culturais locais é dispor do Sistema de Información Cultural que vimos mencionando ao longo deste Anexo. O Sistema de Información Cultural permitiríanos paliar as carencias de información municipal nas estatísticas oficiais, co aprovisionamento dunha nova fonte de información constante. A desvantaxe inicial deste Sistema é que só daría conta da actividade cultural propia da institución Concello de Santiago (e polo tanto só abranguería o punto 1 dos 4 sinalados), e non dos restantes axentes locais, se ben ese problema podería solventarse gradualmente coa inclusión paulatina doutros axentes no Sistema.

Para a consecución dese obxectivo debera conformarse un equipo de coordinación no que concorresen canto menos tres perfís: unha persoa experta

en xestión cultural, unha persoa con formación estatística e outra persoa especialista na elaboración de bases de datos, contornas web e infografías. Se algún deses perfís non se encontrasen dentro do cadro de persoal do municipio, podería recorrerse a un servizo externalizado. En todo caso, semella recomendable, en aras da sustentabilidade do proceso cara anos sucesivos, que canto menos o perfil estatístico sexa integrado no cadro de persoal municipal mediante a súa inclusión na Relación de Postos de Traballo e a seguinte convocatoria da praza para cubrir ese posto.

En canto aos campos que poderían incluír as fichas de información por cada actividade, o director – xerente do Auditorio de Galicia, Xaquín López, facilitounos o seguinte bosquexo co que están a traballar:

FICHA DE INFORMACIÓN POR ACTIVIDADE

Campos	Descrición/contido
Nome actividade	Nome do espectáculo ou actividade
Data	Data de realización do evento
Hora	Hora de realización
Espazo escénico/lugar	Lugar de realización
Tipoloxía de actividade	Teatro/danza/música/circo/ensaio
Público ao que vai dirixido	Adulto/familiar/infantil
Programa	Nome do ciclo ou programa ao que pertenza
Aforo	Aforo disposto
Prezo das localidades	Prezo de venda/entrada libre
Descontos	Indicar se hai descontos
Entradas vendidas/repartidas	Por tipo de entrada/por canal de venda
Recadación total	Por tipo de entrada/por canal de venda
Tipo de adxudicación	A caxé/Fixo+billeteira/A billeteira/Cesión/Aluguer
Caxé	Prezo pagado

Taxa alugueiro	Prezo cobrado
Custes adicionais	Comunicación/impresión/publicidade/ aluguer material
Entidades coorganizadoras/colaboradoras	Entidades que colaboran na realización do evento
% de ocupación	Entradas vendidas/Aforo

TÁBOA A7

Elaboración: Auditorio de Galicia.

No caso do observatorio de Barcelona, teñen pendurada na web diferentes modelos de fichas cos que operan dependendo do centro do que se trate. Pódense consultar nos ligazóns adxuntos para Centros Cívicos²⁹, Fábricas de Creación³⁰ e Museos³¹.

29 Datos básicos en: http://barcelonadadescultura.bcn.cat/wp-content/uploads/2018/02/0_CC_Basiques_CentresCivics.pdf. Datos anuais en: http://barcelonadadescultura.bcn.cat/wp-content/uploads/2018/02/1_CC_Anuals_CentresCivics.pdf

30 Datos básicos e anuais: http://barcelonadadescultura.bcn.cat/wp-content/uploads/2018/02/3_FC_Basiques-i-anuais_Fabriques2015.pdf

31 Datos anuais e glosario: http://barcelonadadescultura.bcn.cat/wp-content/uploads/2018/02/5_MUS_Anuals-i-glossari_MuseusCExp.pdf

OUTRAS RECOMENDACIÓNS

Na posta en marcha do Sistema de Información Cultural e na elaboración de futuras edicións do Informe Anual da Cultura aconsellamos que se contemplan as seguintes recomendacións suplementarias:

Ademais de incorporar ao Sistema toda a actividade dos centros culturais municipais e dos programas – eventos promovidos desde a Concellaría de Acción Cultural, débense incluír datos de todas aquelas accións culturais impulsadas desde outras concellarías, como por exemplo as que teñen competencias en xuventude, participación e relacións veciñais, políticas sociais, educación e cidadanía, turismo e promoción económica.

Así mesmo, como xa mencionamos, sería interesante enriquecer o Sistema e o Informe Anual con información relativa á oferta cultural doutras administracións e organismos públicos (Consello da Cultura Galega, Consorcio de Santiago, Fundación Cidade da Cultura de Galicia, AGADIC, CGAC, S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Deputación da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela...) e de axentes privados e sociais (Fundación Catedral, Afundación – Abanca, SGAE, Museo do Pobo Galego, Asociación Cultural Cidade Vella etc.). Neste sentido, cremos que cara o futuro se deba aspirar a recoller información de todos os grandes eventos culturais da cidade, con independencia da entidade que os promova.

Tamén cumpriría asinar acordos ou establecer liñas de colaboración estables con aquelas institucións posuidoras de datos, co obxecto de compartir información, evitar duplicar esforzos, acceder a asesoramento e interconectar fontes e investigacións. Co Observatorio da Cultura Galega xa se iniciaron contactos neste sentido, dado o seu *expertise* en estatísticas culturais do ámbito galego. Dentro da propia institución municipal mantívose unha xuntanza con INCOLSA – Turismo de Santiago para sopesar diversas opcións, como ampliar a enquisa trimestral que elabora o CETUR (USC) con novas preguntas referidas ao turismo cultural, engadir preguntas culturais ao estudo que están a impulsar sobre turismo de reunións e congresos, tirar proveito do mapa de equipamentos culturais e do buscador web de INCOLSA coa programación cultural de Santiago (evitando así solapamentos e gañando en eficiencia), ou mesmo perfilar a hipótese dun futuro estudo monográfico sobre a percepción que teñen os e as visitantes da oferta e dos equipamentos culturais da cidade. Ademais, a Xunta de Galicia podería prover ao Concello de Santiago de datos regulares sobre ensinanzas artísticas, Bens de Interese Cultural, asociacionismo

cultural, asistencia a teatros e museos de titularidade autonómica etc. Outras institucións ás que se lle poderían solicitar datos son a USC (bibliotecas universitarias, asistencia a museos), e Afundación-Abanca e a Igrexa Católica (asistencia a museos e espazos escénicos).

En liña co que se está a facer noutros proxectos institucionais relacionados coa publicación de información cultural, deberamos camiñar cara un modelo de datos abertos, tanto ficheiros como APIs dinámicas, que propicie o acceso da cidadanía e dos axentes culturais á información, así como a súa reutilización en novas iniciativas de difusión cultural. Neste sentido, semella ineludible facer confluír esta iniciativa coa implantación da “Plataforma de Goberno Aberto, Colaborativa e Interoperable”, en fase de desenvolvemento no Concello de Santiago de Compostela, en colaboración con outros tres concellos, e financiado por Red.es. Na información inicial á que tivemos acceso, os modelos de datos comúns que se están a barallar xa reúnen propostas de táboas, referencias e campos de datos válidos para monitorizar a actividade cultural: actividades, programas, alcance, localización, públicos, temáticas, duración, periodicidade, prezos etc. Así mesmo, os formatos de datos abertos facilitarán explorar formatos atractivos de visualización, sexa mediante mapas, infografías interactivas etc.

Tamén parece recomendable que o modelo do Informe Anual sexa complementado coa emisión periódica de informes parciais e sectoriais (mesmo por equipamentos ou programas – eventos) de forma que se intensifique o fluxo de información a disposición da cidadanía e dos axentes culturais, seguindo os principios de que “compartir é coñecer” e “visibilizar é existir” do observatorio de Barcelona. Tamén desde o recentemente creado Observatori Valencià de la Cultura³² semellan seguir esta pauta.

Cómpre incorporar a dimensión de xénero nos indicadores sempre que sexa posible, dada a crecente sensibilidade social na materia e ante a evidencia da subordinación estrutural da muller no ecosistema cultural, sexa en termos económicos, de visibilidade ou noutras dimensións.

32 <http://www.ovc.gva.es/dades-sectorials>

DOCUMENTACIÓN CONSULTADA

Para a redacción deste Anexo Metodolóxico empregamos a documentación recollida na seguinte táboa. Alí onde foi posible engadimos os ligazóns web para facilitar a consulta.

DOCUMENTACIÓN CONSULTADA

Documento	Ligazón
Anuario de Estadísticas Culturales 2017 (Ministerio de Educación, Cultura y Deporte)	https://www.mecd.gob.es/dam/jcr:a8c481ba-e9d6-498c-ab97-4e199e3f1197/Anuario_de_Estadisticas_Culturales_2017.pdf
Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales 2017 (Fundación SGAE)	http://www.anuariosgae.com/anuario2017/home.html
Análise do Sector Cultural (IGE, 2016)	https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Analise_Sector_Cultural.pdf
Diagnose da Cultura Galega. Datos para unha Estratexia Cultural no Século XXI (Observatorio da Cultura Galega, 2018)	http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4315
Plan Estratéxico do Auditorio de Galicia (informe interno, 2018)	
Informe – Proposta para o Establecemento dun Sistema de Avaliación da Actividade do Auditorio de Galicia (informe interno, 2017)	
Avaluació Estratègica per als Equipaments Culturals. Guia d'Aplicació (CoNCA, 2015)	http://conca.gencat.cat/ca/detall/publicacio/pub_avaluacio_estrategica_equipaments
Memoria de Actividades de Cultura 2017 (Xunta de Galicia)	https://www.cultura.gal/gl/memoria-actividades-cultura-2017
Estatístico 2006 / 2007 do Concello de Santiago de Compostela (Concello de Santiago de Compostela, 2008)	
Decatístico Compostela. Radiografía dunha Época (Concello de Santiago de Compostela, 2010)	
Guía para la Evaluación de las Políticas Culturales Locales (Federación Española de Municipios y Provincias, 2009)	http://femp.femp.es/files/120-18-CampoFichero/Evaluacionpol%C3%ADticas.pdf
Informe sobre el Estado de la Cultura en España 2018 (Fundación Alternativas)	http://www.fundacionalternativas.org/public/storage/publicaciones_archivos/b5486a66778ecb59cfd0e6f2fba931fb.pdf
La Cultura en España 2017. Observatorio de la Cultura (Fundación Contemporánea, 2018)	http://www.fundacioncontemporanea.com/wp-content/uploads/2018/01/Observatorio-de-la-Cultura-2018.pdf

Documento	Ligazón
Gañemos un Concello Aberto (programa de goberno de Compostela Aberta, 2015)	http://compostelaaberta.org/wp-content/uploads/2015/05/programaCompostelaAberta.pdf
Los Sectores Culturales y Creativos en Valencia (ECONCULT – Universitat de València, documento interno, 2017)	
Proposta per a un Sistema d'Indicadors i Seguiment del Programa FES CULTURA (ECONCULT – Universitat de València, documento interno, 2017)	
Indicadors del Centres Cívics. Informe de l'Activitat 2016 (Institut de Cultura de Barcelona, 2017)	http://barcelonadadescultura.bcn.cat/wp-content/uploads/2017/07/Informe_Activitat_CC_2016.pdf
Model de Dades de Barcelona: un Sistema de Sistemes (Institut de Cultura de Barcelona, 2017)	http://barcelonadadescultura.bcn.cat/wp-content/uploads/2018/02/Model_Bcn_Sistema_Sistemes.pdf
Indicadors Principals d'Activitat 2016 (Institut de Cultura de Barcelona, 2017)	http://barcelonadadescultura.bcn.cat/wp-content/uploads/2017/09/ICUB_indicadors_2016_set2017.pdf
Estudo da Caracterización da Demanda Turística de Santiago de Compostela 2017 (CETUR – Universidade de Santiago)	http://www.santiagoturismo.com/files/2018/04/INFORMEANUAL2017.pdf
ESSnet-CULTURE.	http://ec.europa.eu/assets/eac/culture/library/reports/ess-net-report_en.pdf
El Valor Público de la Cultura (Kulturaren Euskal Behatokia – Observatorio Vasco de la Cultura, 2018)	http://www.kultura.ejgv.euskadi.eus/contenidos/informacion/keb_argit_balio_publicoa_2018/es_def/adjuntos/Valor_publico_de_la_cultura.pdf
Declaración de México sobre las Políticas Culturales (UNESCO, 1982)	http://www.revistas.unam.mx/index.php/mecedupaz/article/view/57164/50699

TÁBOA A8

